



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 27 DE XUÑO DO 2019.-**

<p><b>ASISTEN:</b> Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo. Sres. Concelleiros: Dna M<sup>a</sup> Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D. Luis Cendán Fernández. Dn. Emilio Mesías Farías. Dna. Cristina Cadena Freire. D. José Manuel Cendán Fernández Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodriguez</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e dezaoto minutos do día vinte e sete de xuño do dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario-Acctal, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodriguez.</p>
---	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

**Punto núm. 1.- Dar conta comunicación constitución grupos políticos e designación voceiros.**

Dáse conta do escrito presentado c polo PSdeG-PSOE “Constitución grupo político e designación de voceiros” presentado con data 18 de Xuño de 2019 que a continuación se transcribe;

**ESCRITO CONSTITUCIÓN GRUPO MUNICIPAL E DESIGNACIÓN PORTAVOZ**

Os abaixo asinantes, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo DNI 32649797-D. Dna. Victoria Montenegro Paz DNI 76407525-F, D. José Juan Vilar Rico DNI 76408660-S, Dna. Olimpia Marcos García DNI 32683823-H, Alma Beatriz Barrón Ferro DNI 32677195-Z, Dna. Lucía Blanco García DNI 76413565-K, Dna. Noelia Montero Canda! DNI 32710467-M, concelleiros polo partido político do PSdeG-PSOE, en tempo e forma, ao abeiro da lexislación vixente,

**MANIFESTAN:**

Primeiro.- Constitúense en Grupo Municipal.

Segundo.- Como Portavoz do mesmo actuará Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro e suplente Dna. Olimpia Marcos García.

Ares, 18 de xuño de 2019

Asdo. Julio I. Iglesias Redondo Asdo.: Alma Beatriz Barrón Ferro Asdo.: Olimpia Marcos García

Asdo.: José Juan Vilar Rico Asdo: Lucía Blanco García Asdo: Victoria Montenegro Paz



Asdo.: Noelia Montero Canda!

Dáse conta do escrito presentado PP “Constitución grupo político e designación de voceiros” presentado con data 17 de Xuño de 2019 que a continuación se transcribe;

ESCRITO CONSTITUCIÓN GRUPO MUNICIPAL E DESIGNACIÓN DE PORTAVOZ.

Os abaixo asinantes, **JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ, JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ Y MARCOS CARBALLO SARMIENTO**, Concelleiros do **Partido Popular**, en tempo e forma, ao abeiro da legislación vixente,

**MANIFESTA:**

Primeiro.- Constitúese en Grupo Municipal (Grupo Municipal PARTIDO POPULAR.)

Segundo.- Como Portavoz do mesmo actuará D. **JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ** e suplente Dna. **JOSEFINA MARTÍNEZ MARTÍNEZ**

Ares a 17 de xuño de 2019

Asdo. José Manuel Cendán Fernández Asdo.: Josefina Martínez Martínez Asdo.: Marcos Carballo Sarmiento

Dáse conta do escrito presentado BNG “Constitución grupo político e designación de voceiros” presentado con data 17 de Xuño de 2019 que a continuación se transcribe;

EMILIO MESÍAS FARÍAS e CRISTINA CADENA FREIRE, en calidade de

concelleiras/os electas/os do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, ao abeiro do artigo 75 da Lei de Administración Local de Galiza, comparecen e DIN:

Que comunican a constitución do GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, así como a súa integración nese grupo municipal.

Así mesmo tan constar que designan como portavoz a EMILIO MESÍAS FARÍAS, e como portavoces suplentes a CRISTINA CADENA FREIRE

E para que así conste, asinan a presente declaración en ARES, a 15 de XUÑO de 2019.

Asinado

Asdo.: Emilio Mesías Farías

Asdo.: Cristina Cadena Freire

Dáse conta do escrito presentado NAL “Constitución grupo político e designación de voceiros” presentado con data 17 de Xuño de 2019 que a continuación se transcribe;

ESCRITO CONSTITUCIÓN GRUPO MUNICIPAL E DESIGNACIÓN DE PORTAVOZ

O abaixo asinante, **D. Luis Cendán Fernández**, Concelleiro polo partido político Nueva Alianza (**NAL**), en tempo e forma, ao abeiro da lexislación vixente,

MANIFESTA:



**Primeiro.-** Constitúese en Grupo Municipal, Nueva Alianza (NAL)

**Segundo.-** Como portavoz do mesmo actuará D. Luis Cendán Fernández Ares, a 15 de Xuño 2019

O Concelleiro

Asdo.: D. Luis Cendán Fernández

O Concello pleno dáse por enterado

**Punto núm. 2.- Dar conta resolución alcaldía 259/2019: Designación membros da Corporación con adicación exclusiva.**

Dáse conta da Resolución da Alcaldía 259/2019 de 17 de xuño de 2019 "Designación membros da Corporación con adicación exclusiva" que a continuación se transcribe;

#### **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº. 259 de 17 de xuño de 2019**

##### **Designación membros Corporación con adicación exclusiva**

Que na sesión plenaria do día 4 de xaneiro de 2019 foi aprobado con carácter inicial o orzamento para o exercicio 2019 (BOP. Nº. 6, de 09-01-19), elevado a definitivo sendo publicado no BOP nº. 25 do 5 de febreiro de 2019.

Nas Bases de execución do orzamento, base 20, letra B "ADICACIONES EXCLUSIVAS" figuran as seguintes adicacións exclusivas:

Concellería-Delegación de "Muller, Infancia, Sanidade e Servizos Sociais e Emprego" : 25.812,12 Euros pagadoiros en 14 mensualidades.

Concellería-Delegación de "Urbanismo, Equipamentos, Infraestructuras e Medio Ambiente" : 25.812,12 Euros pagadoiros en 14 mensualidades.

Concellería-Delegación de Turismo, Industria, TICS e Xuventude 25.812,12 euros pagadoiros en 14 mensualidades.

De conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril. Reguladora das Bases do Réxime Local segundo redacción dada pola Lei 14/2000, de 29 de decembro, de Medidas Fiscales, Administrativas e do Orden Social, Disposición Adicional nonaxésima da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do estado para o ano 2014, 13 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo cal aprobouse o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 225 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Vista a Carta Europea da Autonomía Local, feita en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985 e ratificada por España o 20 de xaneiro de 1988 (BOE núm. 47, de 24 de febreiro de 1989). A Carta constituí un verdadeiro Convenio internacional, vixente en España desde o día 1 de marzo de 1989, e polo tanto o seu contido constituí un elemento interpretativo esencial daquel dereito, na medida en que incida no mesmo. Concretamente, o art. 7 da Carta declara o seguinte:



«7. Condiciones del ejercicio de responsabilidades en el ámbito local.-- 1. El Estatuto de los representantes locales debe asegurar el libre ejercicio de su mandato.

Debe permitirse la compensación financiera adecuada a los gastos causados con motivo del ejercicio de su mandato, así como si llega el caso, la compensación financiera de los beneficios perdidos o una remuneración del trabajo desempeñado y la cobertura social correspondiente.

*Las funciones y actividades incompatibles con el mandato del representante local no pueden ser fijadas más que por Ley o por principios jurídicos fundamentales.»*

### ACORDO

**PRIMEIRO.** Determinar que os cargos de delegacións que se dirán e que así o requiren polo seu volume, responsabilidade e adicación realicen as súas funcións en réxime de adicación exclusiva total. debendo ter unha presenza efectiva mínima no Concello de 37,30 horas semanais polos seguintes motivos:

- Volume de traballo.
  - Responsabilidade.
  - Necesidade de atención prioritaria
1. Dona María Victoria Montenegro Paz, Concelleira-Delegada de Muller, infancia, sanidade e servizos sociais e emprego.
  2. Dona Olimpia Marcos García, Concelleira-Delegada de Urbanismo, equipamentos, infraestructuras e medio ambiente.
  3. Dona Lucia Blanco García, Concelleira-Delegada de Turismo, industria, Tic 's e xuventude.

**SEGUNDO.** Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de adicación exclusiva as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social; esta corporación deberá asumir o pagamento das cotas empresariais que corresponda.

- O cargo de Concelleira-Delegada de Muller, infancia, sanidade e servizos sociais e emprego percibirá unha retribución anual bruta de 25.812,12 €.
- O cargo de Concelleira-Delegada de Urbanismo, equipamentos, infraestructuras e medio ambiente percibirá unha retribución anual bruta de 25.812,12 €.
- O cargo de Concelleira-Delegada de Turismo, industria, Tic's e xuventude percibirá unha retribución anual bruta de 25.812,12 €.

**TERCEIRO.** Do presente acordo tomaráse razón na primeira sesión Plenaria ordinaria que se celebre, tendo efectos dende o 16 de xuño de 2019, excepto Dona Lucia Blanco García que surtirá efectos dende o 18-06-2019.



**CUARTO.** Publicar de forma íntegra no *Boletín Oficial da Provincia* o acordo do Pleno, para os efectos do seu xeral coñecemento.

**QUINTO.** Notificarlles o dita acordo aos interesados e ao Servizo de Persoal e Intervención para o seu coñecemento e para os efectos oportunos».

Así o ordena e dispón o Sr. Alcalde-Presidente, Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo en Ares a 17 de xuño de 2019, do que eu secretario dou fe.

O Alcalde,  
Secretario

O

Dáse conta do Informe de Secretaría dedata 18 de Xuño de 2018 “Adicacións exclusivas-parciais membros da corporación 2019”, do seguinte teor literal:

### **INFORME DE SECRETARÍA**

#### **Adicacións exclusivas-parciais membros da corporación 2019**

O funcionario que suscribe, en cumprimento do establecido nos artigos 54 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, en relación co asunto epigrafiado, emite o seguinte

### **INFORME**

**PRIMEIRO.** Os membros das corporacións locais teñen unha serie de dereitos económicos, entre os que destaca o seu dereito a percibir retribucións fixas na súa contía e periódicas na súa percepción, cando exerzan o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

**SEGUNDO,** A lexislación aplicable vén determinada por:

- Os artigos 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril. Reguladoras das bases do réxime local.
- A disposición adicional tricesima quinta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado prorrogados para 2019.
- O artigo 13.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- A Orde do 12 de marzo de 1986 sobre alta e cotización ao réxime xeral da Seguridade Social dos membros de corporacións locais con dedicación exclusiva.

**TERCEIRO,** Segundo o artigo 75.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, os membros das corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación especial por realizaren funcións de presidencia ou vicepresidencia, ou ostentar delegacións ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectivaa elas.

Malia isto, conforme o artigo 75.2.2º. da Lei reguladora das bases do réxime local, os msmbros das corporacións locais que sexan persoal das administracións públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pala



súa dedicación parcial ás súas funcións fóra da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no artigo 5 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no punto sexto deste artigo.

Os membros das corporacións locais que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial deberán ser dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo a Corporación o pagamento das cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo 74 do citado texto legal.

**CUARTO.** Retribucións, asistencia e indemnizacións :

- De acordo co artigo 75.1 e 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os membros das corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva ou parcial (neste último caso, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva a elas).

Os límites das retribucións dos membros das corporacións locais que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación parcial fíxanse en función da porcentaxe de dedicación con relación á xornada laboral. No tocante ás limitacións cuantitativas do número de membros con dedicación parcial, non existe na Lei. As limitacións que existen son funcionais (presidencia ou vicepresidencia de órgano colexiados municipais, os que ostentan delegacións ou os que desenvolven responsabilidades que así o requiran.

- En virtude do artigo 75.3 e 75 bis 3, só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencia para concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno da Corporación.
- Consonte o artigo 75.4, os membros das corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas administracións públicas e as que en desenvolvemento delas aprobe o Pleno corporativo.

Incompatibilidades: no suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo aos orzamentos das administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas dependentes delas, así como para o desenvolvemento doutras actividades. Todo isto nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

**QUINTO.** Os orzamentos xerais do Estado determinarán, anualmente, o límite máximo total que poden percibir os membros das corporacións locais por todos os conceptos retributivos e asistencia, excluídos os trienios aos que, de ser o caso, teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se atopen en situación de servizos especiais, atendendo entre outros criterios á natureza da corporación local e á súa poboación segundo a táboa anexa ao artigo 75 bis.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.



Así visto, segundo a disposición adicional trixesima quinta da Lei 8/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado, o límite máximo total que poden percibir como retribución os membros das corporacións locais, en función da poboación de cada municipio, para este ano será:

<b>Habitantes</b>	<b>Referencia</b>
Máis de 500.000	103.540,15 euros
300.001 a 500.000	93.186,14 euros
150.001 a 300.000	82.832,12 euros
75.001 a 150.000	77.655,62 euros
50.001 a 75.000	67.301,61 euros
20.001 a 50.000	56.947,59 euros
10.001 a 20.000	51.770,08 euros
5.001 a 10.000	46.593,58 euros
1.000 a 5.000	41.416,06 euros

Os membros de corporacións locais de poboación inferior a 1.000 habitantes non terán dedicación exclusiva. Excepcionalmente, poderán desempeñar os seus cargos con dedicación parcial e percibirán as súas retribucións dentro dos límites máximos sinalados para o efecto na Lei de orzamentos xerais do Estado e, en concreto, de acordo coa seguinte escala, atendendo á súa dedicación:

<b>Dedicación</b>	<b>Referencia</b>
Dedicación parcial ao 75%	31.062,05 euros
Dedicación parcial ao 50%	22.778,63 euros
Dedicación parcial ao 25%	15.531,53 euros

**SEXTO.** Poia súa vez, conforme o establecido no artigo 75da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a prestación de servizos nos concellos en réxime de dedicación exclusiva por parte dos seus membros deberase axustar, en todo caso, aos seguintes límites:

- Nos concellos de municipios con poboación inferiores a 1.000 habitantes, ningún membro poderá prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva.
- Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 1.001 e 2.000 habitantes, só un membro poderá prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva.
- Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 2.001 e 3.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederán dous.
- Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 3.001 e 10.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederán tres.



- e) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 10.001 e 15.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá cinco.
- f) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 15.001 e 20.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá cinco.
- g) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 20.001 e 35.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá dez.
- h) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 35.001 e 50.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá once.
- i) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 50.001 e 100.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá quince.
- j) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 100.001 e 300.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá dezoito.
- k) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 300.001 e 500.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá vinte.
- l) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 500.001 e 700.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá vinte e dous.
- m) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 700.001 e 1.000.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá vinte e cinco.
- n) Nos concellos de municipios de Madrid e Barcelona, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederán respectivamente, corenta e cinco e trinta e dous.

**SÉTIMO.** O procedemento para levar a cabo o recoñecemento da dedicación exclusiva ou parcial dos membros da corporación é o seguinte:

- A) A Alcaldía proporalle ao Pleno a relación de cargos da Corporación que se poderán desempeñar en réxime de dedicación exclusiva ou parcial con dereito a retribución, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grao de responsabilidade.
- B) O Pleno da Corporación, tendo en conta a proposta presentada, aprobará a relación de cargos que se consideren necesarios, recoñecerá os seus dereitos económicos e fixará as retribucións que lles correspondan, dentro da consignación global contida para ese fin no Orzamento e logo do informe de Intervención.
- C) O dito acordo deberá publicarse íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación e logo do informe de Intervención.
- D) Correspóndelle ao alcalde resolver sobre a determinación dos membros da Corporación que dean exercer os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.





Esta resolución terá que ser motivada, especialmente no tocante a determinación dos concelleiros con dedicación parcial, para o que se deberán xustificar as responsabilidades que require o dito réxime.

E) A súa vez, deberáselle notificar o acordo aos intereseados e ao Servizo de Persoal e Intervención, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

**OITAVO.** Que na sesión plenaria do día 4 de xaneiro de 2019 foi aprobado con carácter inicial o orzamento para o exercicio 2019 (BOP. Nº 6. De 09-01-19), elevado a definitivo sendo publicado no BOP nº25 do 5 de febreiro de 2019.

Nas Bases de execución do orzamento, base 20, letra B "ADICACIONES EXCLUSIVAS" figuran as seguintes adicacións exclusivas:

- Concellería-Delegación de "Muller, Infancia, Sanidade e Servizos Sociais e Emprego": 25.812,12 Euros pagadoiros en 14 mensualidades.
- Concellería-Delegación de "Urbanismo, Equipamentos, Infraestructuras e Medio Ambiente": 25.812,12 Euros pagadoiros en 14 mensualidades.
- Concellería-Delegación de "Turismo, Industria, TIC'S e Xuventude: 25.812,12 Euros pagadoiros en 14 mensualidades.

**NOVENO:** Respecto á adicación parcial proposta pola Alcaldía é necesario modificar a base 20, letra B "ADICACIONES EXCLUSIVAS" engadindo un segundo parágrafo "ADICACIONES PARCIAIS" prevendo unha adicación parcial ao 50% por importe de 16.000,00 euros anuais pagadeiros en 14 mensualidades coa preceptiva habilitación orzamentaria mediante modificación orzamentaria ao non haber crédito para dita adicación.

**Na súa virtude non se vé inconvincente algún para a atribución das devanditas adicacións exclusivas e parcial nos termos efectuados e propostos**

Ares, 18

de xuño

de 2019

O

secretari

o

Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 prorrogado para 2019.

*Disposición adicional trigésima quinta Régimen retributivo de los miembros de las Corporaciones Locales*

De conformidade con lo previsto en el artículo 75 bis de la Ley 7/J 985. de 2 de abril reguladora de las Bases del Régimen Local, según la redacción dada por la Ley 27/2013. de 27 de diciembre. de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local. y considerando lo dispuesto en el artículo 20 de la presente Ley, el límite máximo total que



pueden percibir los miembros de las Corporaciones Locales por todos los conceptos retributivos y asistencias, excluidos los trienios a los que, en su caso, tengan derecho aquellos funcionarios de carrera que se encuentren en situación de servicios especiales, será el que se recoge a continuación, atendiendo a su población:

<b>Habitantes</b>	<b>Referencia</b>
Más de 500.000	103.540,15 euros
300.001 a 500.000	93.186,14 euros
150.001 a 300.000	82.832,12 euros
	77.655,62 euros
	67.301,61 euros
	56.947,59 euros
	51.770,08 euros
	46.593,58 euros
	41.416,06 euros

] e menos de 1.000 habitantes, resultará de  
¿ su dedicación.

<b>Dedicación</b>	<b>Referencia/Euros</b>
Dedicación parcial al 75%	31.062,05
Dedicación parcial al 50%	22.778,63
Dedicación parcial al 25%	15.531,53

O Concello Pleno dáse por enterado.

**Punto núm. 3.- Dar conta resolución alcaldía 270/2019: Designación Xunta de Goberno e atribución competencias.**

Dáse conta da Resolución Alcaldía 270/2019 de 20 de xuño de 2019 “Designación Xunta de Goberntno e atribución de competencias” que a continuación se transcribe;

**RESOLUCIÓN 270/2019, de 20 de xuño de 2019-06-20**

**DESIGNACIÓN XUNTA DE GOBERNO LOCAL E ATRIBUCIÓN COMPETENCIAS**

Don Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 43 e 52 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal apróbase o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 17 e 19 do Regulamento Orgánico,

**Resolvo:**

**Primeiro.-** Designar membros da Xunta de Goberno Local ós señores:

Dona Alma Beatriz Barrón Ferro.

Dn. José Juan Vitar Rico.



Dona. Olimpia Marcos García.

Dn. Luis Cendán Fernández.

**Segundo.-** A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións:

- A) A asistencia permanente ó alcalde no exercicio das súas atribucións.
- B) As atribucións, que esta Alcaldía de forma expresa delega, e que a continuación se expresan:
  - 1) Disposición e ordenación de gastos e a aprobación das facturas que corresponden ó desenvolvemento normal do presuposto, cando asúa contía exceda de 18.150,00 euros e os expresamente previstos nas bases de execución do presuposto, asemade como as certificacións de obras cando a súa contía exceda de 18.150,00 euros.
  - 2) Concesión de licencias urbanísticas e títulos habilitantes.
  - 3) Aprobación de padróns fiscais.
  - 4) Aprobación de acometidas de auga e rede de sumidoiros.
  - 5) As contratacións respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cado a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o seu importe acumulado de tódalas súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
  - 6) A aprobación dos proxectos de obras e servizos da súa competencia para a contratación ou concesión destes e estean previstos no presuposto
  - 7) Exptes. De reclamacións de responsabilidade patrimonial.

A adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á legislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas

Os demais asuntos que senda da competencia da Alcaldía, considere oportunos levalos a coñecemento e decisión da Xunta de Goberno Local.

**Terceiro.-** A Xunta de Goberno Local axustará o seu funcionamento ao disposto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e celebrará sesión ordinaria coa seguinte periodicidade : semanal, os martes.

**Cuarto.-** Aos efectos de cumprir o prazo de dez días previsto no R.O. 2568/1986, procederáse á sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local o vindeiro martes, día 25 de xuño de 2019.

**Quinto.-** Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente ós designados, e publicarase no Boletín Oficial



da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde a súa promulgación, conforme se indica no número 1 do artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 52.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal apróbase o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Mándao e asina o señor Alcalde-Presidente, en Ares, 20 de xuño de 2019, do que eu secretario, dou fe.

O ALCALDE  
SECRETARIO

0

O Concello Pleno dáse por enterado.

**Punto núm. 4.- Dar conta resolución alcaldía 271/2019: Designación tenentes alcalde.**

Dáse conta da Resolución Alcaldía 271/2019 de data 20 de xuño de 2019, “Designación Tenentes de Alcalde” do seguinte teor literal;

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº. 271 de 20 de xuño de 2019**

**DESIGNACIÓN TENENTES DE ALCALDE**

**Dn. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO ALCALDE-PRESIDENTE,**  
deste

Concello, de conformidade co disposto no artigo 21.2. da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxirne Local, na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Góverno Local, no artigo 46.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal aprobábase o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxirne Xurídico das Entidades Locais e 62 e 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

**RESOLVO**

Primeiro.- Nornear Tenentes de Alcalde ós Concelleiros seguintes:

1º Tenente de Alcalde: Dn<sup>a</sup>. ALMA BEATRIZ BARRÓN FERRO.

2º Tenente de Alcalde: Do<sup>a</sup>. OLIMPIA MARCOS GARCÍA.

3º Tenente de Alcalde: Do. LUIS CENDÁN FERNÁNDEZ.

4º. Tenente de Alcalde: Dn. JOSÉ JUAN VILAR RICO.

Os Tenentes de Alcalde, en canto tales, corresponderálles substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións e polo orde de nornearmento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, asernade corno desempeña-las funcións de Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que torne posesión o novo Alcalde.



Queda facultada por Delegación desta Alcaldía, nos termos do artigo 12 da Lei 40/2015, de 1 de outubro do Réxirne Xurídico do Sector Público para asinar certificados de todo tipo (ernpadronamento, acordos xunta Goberno Local, Pleno, etc.) en ausencia desta Alcaldía coa finalidade de axilizar as peticións a instancia de parte ou de oficio, e actos de trámite tanto a instancia de parte como de oficio perante particulares ou Administracións públicas, Organismos ou Entes dependentes deles a P. Tenente de Alcalde, Dn<sup>a</sup>. Alma Beatriz Barrón Ferro.

**Segundo.-** Da presente Resolución daráse conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose adernais persoalmente ós designados, e publicaráse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde a súa promulgación.

O manda e asina o Sr. Alcalde-Presidente, en Ares a 20 de xuño de 2019, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,  
SECRETARIO

O

O Concello Pleno dáse por enterado.

**Punto núm. 5.- Propostas perioricidade sesións plenarias ordinarias.**

Dáse conta da Moción da Alcaldía de data 19 de xullo de 2019, "Proposta Perioricidade sesións plenarias ordinarias" que a continuación se transcribe;

Ós efectos da dar cumprimento ó disposto no artigo 38.a) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal aprobáse o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, e do artigo 20 do Regulamento Orgánico da Corporación, esta Alcaldía presenta a seguinte proposta :

**Primeiro.-** Que o Concello Pleno celebre as sesións ordinarias de conformidade co disposto no artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción dada pala Lei 11/1999, do 21 de abril, 78.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e 210.2.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e do artigo 20 do Regulamento Orgánico con carácter mensual, os últimos luns de mes, ás 11,00 horas da mañá. En caso de tratarse de día festivo ou inhabil, celebrarásese o seguinte luns.

**Segundo.-** Sinalar como data para a primeira sesión ordinaria o luns día 29 de xullo.

**Terceiro.-** No mes de agosto, en función dos asuntos a tratar, a Alcaldía poderá prescindir da convocatoria do pleno ordinario.

Ares, 19 de xullo de 2019

O ALCALDE-PRESIDENTE

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández, dicindo que a data proposta é o ultimo luns de



mes, pero si o pasas ao seguinte méteste noutro mes, entón podes facelo na semana anterior e sempre entra no mes.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, pero solo cando é inhábil, e si están previstas as comisións tes que ir unha semana atrás para ditaminar os puntos.

Toma a palabra novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que non se sabe se coincide con (inintelixible por intercambio de verbas có Sr. Alcalde).

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que sempre e mellor atrasar, sabemos que aquí todo vai con atraso entón aquí anticipar si temos un pleno para o luns e como é inhábil hai que facelo o mes anterior, estou convencido que vai a haber funcionarios que non teñen os puntos listos nin foi a comisión para ditaminar.

Reponde o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que entón o mes anterior.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que os venres ten clase.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que é por facelos no mes en vigor.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que soamente si é inhábil pasaría ao mes seguinte, eu teño libres o luns, martes e mércores ou sexa que en principio sería así entón, isto é unha proposta e en consecuencia a periodicidade das sesións serían os últimos luns de mes as 11:00 h e empezariamos o 29 de xullo. Esta sería a periodicidade das sesións plenarias ordinarias, isto é unha proposta polo tanto sometemos o punto a votación.

Sometida a votación a “Proposta periodicidade sesións plenarias ordinarias” o Concello Pleno por unanimidade, 13 votos a favor (7 PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 2BNG, 3PP), acorda prestala súa aprobación.

**Punto núm. 6.- Propostas delegación competencias na alcaldía: exercicio de acción xudiciais e defensa da Corporación en materia de competencia plenaria.**

Dáse conta da Proposta da Alcaldía “Delegación competencias na Alcaldía exercicio de acción xudiciais e defensa da Corporación en materia de competencia plenaria” do seguinte teor literal;

**PROPOSTA DA ALCALDÍA:**

Esta Alcaldía-Presidencia coa finalidade de axilizar os procedementos e en especial de personamento en accións xudiciais propón a delegación por parte do Pleno na Alcaldía ó teor do artigo 22.4 da Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local, 64.4 da Lei 5/1997 a seguinte competencia:

*"O exercicio de accións xudiciais e a defensa da Corporación en materia de competencia plenaria".*

Ares, a 19 de xuño de 2019.

O Alcalde

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.



Intervén o Sr. Emilio Mesías Farías dando as grazas e os bos días a todos/as manifesta que entenden que é unha competencia que a corporación ten que delegar na Alcaldía, e para non sacarlle o valor a esta corporación debe ser a corporacións que manteña as competencias.

O Sr. Alcalde consúltalle ao Sr. Secretario como interpretase isto, como unha emenda ou como un posicionamento de voto en contra.

Responde o Sr. Secretario dicindo que en contra.

Intervén novamente o Sr. Alcalde dicindo que eles o manteñen porque é para a interposición de accións xudiciais hai que falar cun avogado e efectivamente hai prazos, contestacións a demanda loxicamente son 7 días hábiles que imos convocar un pleno para dicir imos autorizar efectivamente esa actuación xudicial, isto faise simplemente por facilitar loxicamente a defensa dos intereses do concello e non condicionar as actuacións xudiciais a plenos que teñen que ser convocados en prazos con 48 h de antelación e se nos vai a defensa xudicial do concello na convocatoria dos plenos entón, iso é un tema simplemente de axilización de presentación de actuacións xudiciais porque son prazos expeditivos. Si hai que convocar un pleno para cada actuación xudicial non é posible sen afectar aos intereses da corporación, isto se leva facendo así dende sempre por esa razón, entón si iso é unha motivación do voto sometemos o punto a votación si é unha emenda a temos que votar primeiro.

O Sr. Alcalde pregunta ao Sr. Emilio Mesías Farías si é unha motivación do voto.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que a competencia é do pleno que para iso se trae.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que é unha tontería mantela como emenda porque ides a votala que non, polo tanto é unha motivación do voto. A cuestión é que isto da lugar a que a oposición non ten información ao respecto dos procesos xudiciais que se levan a cabo, antes aínda se mandaban algunhas sentenzas, pero xa fai un par de anos que non se traen, esa era a base da miña intervención.

O Sr. Alcalde somete o punto a votación.

Sometida a votación a “Proposta delegación competencias na alcaldía” o Concello Pleno por 8 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 de NAL), 2 en contra (2BNG) e 3 abstención (3PP), acorda prestala súa aprobación.

#### **Punto núm 7.- Proposta creación mesa de contratación permanente.**

Dáse conta da Proposta creación mesa de contratación permanente de data 20 de xuño de 2019, que a continuación se transcribe;

De conformidade co disposto no apartado sétimo da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pala que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 poderanse constituír Mesas de Contratación permanentes.



En virtude do disposto no artigo 31 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público a designación dos membros da mesa de contratación poderá facerse con carácter permanente ou de maneira específica para a adxudicación de cada contrato.

Na súa virtude **propoño a creación da mesa de contratación permanente** do Concello de Ares do seguinte xeito:

Realizada a tramitación legalmente establecida, visto o informe de Secretaría de data 20-06-2019 e de conformidade co establecido no artigo 21.1 s) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

### **PROPOÑO**

**PRIMEIRO.** Crear una Mesa de Contratación Permanente como órgano de asistencia ao órgano de contratación e designar aos membros da mesma:

- Julio Ignacio Iglesias Redondo, que actuará como Presidente da Mesa.
  - Manuel Larrosa Rodríguez, Vocal (Secretario da Corporación).
  - Benito José Castro Calvo, Vocal.
  - Alfonso Portela Martínez, Vocal.
  - José Ángel Carballo Feijoo, que actuará como Secretario da Mesa.

**SEGUNDO.** Comunicar aos membros designados o seu nomeamento como membros da Mesa de Contratación Permanente e publicar a designación no perfil do contratante e no B.O.P.

Ares, a 20 de xuño de 2019.

O Alcalde,

Dáse conta do Informe de Secretaría de data 20 de xuño de 2019 “Proposta Mesa de Contratación Permanente”

### **INFORME DE SECRETARÍA**

De acordo ca ordenado pala Alcaldía, e en cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional emito o seguinte,

**ASUNTO: PROPOSTA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE**

### **INFORME**

**PRIMEIRO.** De conformidade ca disposto no apartado sétimo da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pala que se trasposflen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 poderanse constituír Mesas de Contratación permanentes.





Salvo no caso en que a competencia para contratar corresponda a unha Xunta de Contratación, nos procedementos abertos, aberto simplificado, restrinxidos, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación, os órganos de contratación das Administracións Públicas estarán asistidos por unha mesa de contratación. Nos procedementos negociados en que non sexa necesario publicar anuncios de licitación, a constitución da mesa será potestativa para o órgano de contratación, salvo cando se fundamente na existencia dunha imperiosa urxencia prevista na letra b) l.º do artigo 168, no que será obrigatoria a constitución da mesa. Nos procedementos aos que se refire o artigo 159.6 será igualmente potestativa a constitución da mesa.

En virtude do disposto no artigo 31 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público a designación dos membros da mesa de contratación poderá facerse con carácter permanente ou de maneira específica para a adxudicación de cada contrato.

**SEGUNDO.** A Lexislación aplicable é a seguinte:

- O artigo 326 e o apartado sétimo da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

- **O artigo 31 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.**

- O artigo 21.1 s) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**TERCEIRO.** A mesa de contratación, como órgano de asistencia técnica especializada, exercerá as seguintes funcións, entre outras que se lle atribúan na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pala que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e no seu desenvolvemento regulamentaria:

A cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos a que se refiren os artigos 140 e 141, e, no seu caso, acordar a exclusión dos candidatos ou licitadores que non acrediten devandito cumprimento, previo trámite de emenda.

A valoración das proposicións dos licitadores.

No seu caso, a proposta sobre a cualificación dunha oferta como anormalmente baixa, previa tramitación do procedemento a que se refire o artigo 149 da presente Lei.

A proposta ao órgano de contratación de adxudicación do contrato a favor do licitador que presente a mellar oferta, de conformidade ca disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade ca prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



No procedemento restrinxido, no diálogo competitivo, no de licitación con negociación e no de asociación para a innovación, a selección dos candidatos cando así se delegue polo órgano de contratación, facéndoo constar no prego de cláusulas administrativas particulares.

**CUARTO.** A mesa estará constituída por un Presidente, os vogais que se determinen regulamentariamente, e un Secretario.

De conformidade ca apartado 7 da Disposición Adicional Segunda da LCSP a Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total. Sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supor máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

Nas Entidades locais municipais, mancomunidades e consorcios locais, poderán integrarse na Mesa persoal ao servizo das correspondentes Deputacións Provinciais ou Comunidades Autónomas uniprovinciais.

En ningún caso poderá formar parte das Mesas de contratación nin emitir informes de valoración das ofertas, persoal eventual. Poderá formar parte da Mesa persoal funcionario interino unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente.

A composición da Mesa publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente.

Así mesmo, de conformidade co disposto o no artigo 21.4 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público publicarase ademais no «Boletín Oficial do Estado», no da Comunidade Autónoma ou no da Provincia, segundo trátase da Administración Xeral do Estado, da Autonómica ou da Local.

**QUINTO.** Salvo o disposto no apartado 1 do artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pala que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a mesa de contratación que interveña no procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159 da presente Lei considerarase válidamente constituída se o está polo Presidente, o Secretario, un funcionario de entre quen teñan atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un funcionario que teña atribuídas as funcións relativas ao seu control económico orzamentario.



**SEXTO.** Visto canto antecede e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe informa favorablemente a proposta da Alcaldía de creación dunha Mesa permanente de Contratación.

**TERCEIRO.** De acordo co artigo 63.5 da LCSP deberase publicar no perfil de contratante e no Boletín da provincia a composición das mesas de contratación que asistan aos órganos de contratación. En todo caso deberá publicarse o cargo dos membros das mesas de contratación.

Ares, a 20 de xuño de 2019

Disposición adicional segunda Competencias en materia de contratación en las Entidades Locales Lei 9/2017 de 8 de novembro.

1. Corresponden a los Alcaldes y a los Presidentes de las Entidades Locales las competencias como órgano de contratación respecto de los contratos de obras, de suministro, de servicios, los contratos de concesión de obras, los contratos de concesión de servicios y los contratos administrativos especiales, cuando su valor estimado no supere el 10 por ciento de los recursos ordinarios del presupuesto ni, en cualquier caso, la cuantía de seis millones de euros, incluidos los de carácter plurianual cuando su duración no sea superior a cuatro años, eventuales prórrogas incluidas siempre que el importe acumulado de todas sus anualidades no supere ni el porcentaje indicado, referido a los recursos ordinarios del presupuesto del primer ejercicio, ni la cuantía señalada.
2. Corresponden al Pleno las competencias como órgano de contratación respecto de los contratos mencionados en el apartado anterior que celebre la Entidad Local, cuando por su valor o duración no correspondan al Alcalde o Presidente de la Entidad Local, conforme al apartado anterior. Asimismo, corresponde al Pleno la aprobación de los pliegos de cláusulas administrativas generales a los que se refiere el artículo 121 de esta Ley.
3. En los municipios de población inferior a 5.000 habitantes es igualmente competencia del Pleno autorizar la redacción y licitación de proyectos independientes relativos a cada una de las partes de una obra cuyo periodo de ejecución exceda al de un presupuesto anual, siempre que estas sean susceptibles de utilización separada en el sentido del uso general o del servicio, o puedan ser sustancialmente definidas.
4. En los municipios de gran población a que se refiere el artículo 121 de la Ley 7/1985, de 2 de abril). Reguladora de las Bases del Régimen Local, las competencias del órgano de contratación que se describen en los apartados anteriores se ejercerán por la Junta de Gobierno Local, cualquiera que sea el importe del contrato o la duración del mismo, siendo el Pleno el competente para aprobar los pliegos de cláusulas administrativas generales.



5. En las Entidades Locales será potestativa la constitución de Juntas de Contratación que actuarán como órganos de contratación en los contratos de obras que tengan por objeto trabajos de reparación simple, de conservación y de mantenimiento, en los contratos de suministro que se refieran a bienes consumibles o de fácil deterioro por el uso, y en los contratos de servicios cuando su valor estimado no supere el 10 por ciento de los recursos ordinarios de la Entidad, o cuando superen este importe las acciones estén previstas en el presupuesto del ejercicio a que corresponda y se realicen de acuerdo con lo dispuesto en las bases de ejecución de este.

Corresponde al Pleno acordar la constitución de las Juntas de Contratación y determinar su composición, debiendo formar parte de las mismas necesariamente el Secretario o el titular del órgano que tenga atribuida la función de asesoramiento jurídico de la Corporación, y el Interventor de la misma. Los límites cuantitativos, que podrán ser inferiores a los señalados en el párrafo anterior, o los referentes a las características de los contratos en los que intervendrá la Junta de Contratación como órgano de contratación, se determinarán, en los municipios de gran población por la Junta de Gobierno Local y en las restantes entidades locales, por el Pleno, a propuesta del Alcalde o del Presidente cuando sea, el órgano que tenga atribuida la competencia sobre dichos contratos, de acuerdo con el apartado 2.

En los casos de actuación de las Juntas de Contratación se prescindirá de la intervención de la Mesa de contratación.

6. En los municipios de población inferior a 5.000 habitantes las competencias en materia de contratación podrán ser ejercidas por los órganos que, con carácter de centrales de contratación, se constituyan en la forma prevista en el artículo 228 de la presente Ley, mediante acuerdos al efecto.

Asimismo podrán concertarse convenios en virtud de los cuales se encomiende la gestión del procedimiento de contratación a las Diputaciones provinciales o a las Comunidades Autónomas de carácter uniprovincial.

7. La Mesa de contratación estará presidida por un miembro de la Corporación o un funcionario de la misma, y formarán parte de ella, como vocales, el Secretario o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuida la función de asesoramiento jurídico, y el Interventor, o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuidas la función de control económico-presupuestario, así como aquellos otros que se designen por el órgano de contratación entre el personal funcionario de carrera o personal laboral al servicio de la Corporación, o miembros electos de la misma, sin que su número, en total, sea inferior a tres. Los miembros electos que, en su caso, formen parte de la Mesa de contratación no podrán suponer más de un tercio del total de miembros de la misma. Actuará como Secretario un funcionario de la Corporación.

En las Entidades locales municipales, mancomunidades y consorcios locales, podrán integrarse en la Mesa personal al servicio de las correspondientes Diputaciones Provinciales o Comunidades Autónomas uniprovinciales.

En ningún caso podrá formar parte de las Mesas de contratación ni emitir informes de valoración de las ofertas, personal eventual. Podrá formar parte de la Mesa personal



funcionario interino únicamente cuando no existan funcionarios de carrera suficientemente cualificados y así se acredite en el expediente.

La composición de la Mesa se publicará en el perfil de contratante del órgano de contratación correspondiente. Se podrán constituir Mesas de Contratación permanentes.

8. El comité de expertos a que se refiere la letra a) del apartado 2 del artículo 146 de la presente Ley, para la valoración de los criterios que dependan de un juicio de valor, podrá estar integrado en las Entidades locales por cualquier personal funcionario de carrera o laboral fijo con cualificación apropiada que no haya participado en la redacción de la documentación técnica del contrato de que se trate. En todo caso, entre este personal deberá formar parte un técnico jurista especializado en contratación pública.

9. En las entidades locales corresponde a los Alcaldes y a los Presidentes de las Entidades Locales la competencia para la celebración de los contratos privados, así como la adjudicación de concesiones sobre los bienes de las mismas y la adquisición de bienes inmuebles y derechos sujetos a la legislación patrimonial cuando el presupuesto base de licitación, en los términos definidos en el artículo 100.1, no supere el 10 por ciento de los recursos ordinarios del presupuesto ni el importe de tres millones de euros, así como la enajenación del patrimonio, cuando su valor no supere el porcentaje ni la cuantía indicados.

10. Corresponde al Pleno la competencia para celebrar contratos privados, la adjudicación de concesiones sobre los bienes de la Corporación y la adquisición de bienes inmuebles y derechos sujetos a la legislación patrimonial así como la enajenación del patrimonio cuando no estén atribuidas al Alcalde o al Presidente, y de los bienes declarados de valor histórico o artístico cualquiera que sea su valor.

11. En los municipios de gran población a que se refiere el artículo 121 de la Ley 7/1985, de 2 de abril Reguladora de las Bases del Régimen Local, las competencias que se describen en los apartados anteriores se ejercerán por la Junta de Gobierno Local, cualquiera que sea el importe del contrato o la duración del mismo.

12. Las referencias a las Diputaciones provinciales contenidas en esta Ley también se entenderán efectuadas a los entes locales supramunicipales previstos en los correspondientes Estatutos de Autonomía con competencias en materia de asistencia y de cooperación a los municipios, y de prestación de servicios públicos locales.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que da cordo ca lexislación vixente estaría formada polo Presidente que sería o Alcalde, o Secretario que sería o Secretario da corporación e logo estarían D. Benito José Calvo Castro, D. Alfonso Portela Martínez e D. José Carballo Feijoo que actúa como secretario da mesa e en consecuencia esta é a proposta da mesa de contratación.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Emilio Mesías Farías sinalando que entenden que o cambiar a lei sobre as mesas de contratación entendemos que esta é a vía pública que se pode levar a cabo, pero ben e certo que non hai información ao respecto do que se leva de feito, a oposición non



ten constancia de cales son as mesas de contratación e que temas se levan as mesas de contratación porque non hai información entón, nós non imos a négaros a esta proposta de creación de mesa de contratación permanente pero suplicamos unha vez máis que nas comisións correspondentes se levan tamén a información os contidos das mesas de contratación.

Remata o Sr. Emilio Mesías Farías a súa intervención.

Toma a palabra novamente o Sr. Alcalde pedindo desculpas xa que nesta proposta faltan os suplentes, hai que designar un suplente do Presidente que sería Dna. Olimpia Marcos García e hai que designar un suplente do Secretario que sería Dna. Concepción Dragó Porta, faltan os suplentes por si algún día non podo vir e si o Secretario da mesa tampouco está ter a alguén que neste caso é Dna. Concepción Dragó Porta.

O Sr. Alcalde pregunta ao Secretario como introducen aos suplentes na proposta.

Responde o Sr. Secretario sinalando que cunha emenda.

O Sr. Alcalde pide desculpas polo erro que acaban de detectar, unha vez detectado hai que introducir aos suplentes.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntado ao Secretario si na mesa de contratación ten que haber suplentes.

Responde o Sr. Secretario sinalando que si o Alcalde non están non se podería celebrar senón hai suplentes.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que si non está, si está de viaxe o José está de baixa non se pode celebrar.

O Sr. Alcalde pregunta como introducir o cambio ao Sr. Secretario.

O Sr. Secretario sinala que cunha emenda.

O Sr. Alcalde somete a votación a incorporación de suplentes na mesa de contratación.

Sometida a votación a “Incorporación de suplentes na mesa de contratación do Presidente e Secretario” o Concello Pleno por 8 votos a favor (7 PSdeG-PSOE, 1 de NAL), e 5 abstención (3PP, 2 BNG), acorda prestala súa aprobación.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que unha vez incorporados os suplentes e aprobada a emenda xa queda tamén aprobada a mesa de contratación permanente nos termos que explicados e dicir, ca incorporación dos suplentes.

#### **Punto núm 8.- Proposta designación representantes Corporación.**

Dáse conta da Proposta da Alcaldía de data 20 de xuño de 2019 “Proposta designación representantes Corporación” que a continuación se transcribe;



### **Designación representantes Corporación**

Consello Escolar: Dna. Noelia Montero Candal. Suplente: Dna. Olimpia Marcos García

Galiña Azul: Dna. Victoria Montenegro Paz. Suplente: D. José Juan Vilar Rico.

Ares, 20 de xuño de 2019.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que o punto 8 é a proposta de designación de representantes en órganos de representación que son o consello escolar e a Galiña Azul, no consello escolar sería a concelleira Dna. Noelia Montero Candal, de suplente Dna. Olimpia Marcos García, e na Galiña Azul hai dous titulares Dna. Victoria Montenegro Paz e D. José Juan Vilar Rico que aquí figura como suplente pero é un erro, na Galiña Azul son titulares nos tocan dous que serían Dna. Victoria Montenegro Paz e D. José Juan Vilar Rico, no consello escolar non só é un polo tanto hai un suplente, pero na Galiña Azul nos tocan dous como son dous ou vai un ou outro xa non poñemos suplentes porque é moi difícil que falten os dous.

O Sr. Alcalde somete o punto a votación.

Sometida a votación a “Proposta Designación Representantes Corporación” o Concello Pleno por 10 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 de NAL, 2 BNG), e 3 abstención (3PP), acorda prestala súa aprobación.

#### **Punto núm 9.- Proposta creación e composición comisión informativas permanentes e de contas.**

Dáse conta da Proposta da Alcaldía de data 20 de xuño de 2019 “Proposta designación representantes Corporación” que a continuación se transcribe;

### **PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E DE CONTAS.**

Esta Alcaldía en uso das facultades previstas no artigo 20.1 letra c) da Lei 7/1985, de 2 de abril na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, a fin de dar cumprimento ó disposto nos artigos 38 e 123 do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e 68 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e artigo 18 do Regulamento Orgánico, propón ao Pleno da Corporación previa consulta coa Xunta de Portavoces a adopción do seguinte acordo :

Crear con carácter permanente as seguintes Comisións Informativas que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que serán sometidos á decisión do Pleno, asemade como o seguimento da xestión do Alcalde, Xunta de Goberno Local e dos Concelleiros que ostentes delegacións :

#### **1.- COMISIÓN DE FACENDA E CONTAS.**

Atribucións ou materias:



Facenda, tributos, taxas, orzamento, expedientes de modificación de créditos, operacións de préstamos, contribucións especiais e conta xeral.

Número de membros: 6

Periodicidade: Mensual (martes anterior ao Pleno ordinario).

## **2.- COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE.**

Atribucións ou materias:

Saúde e Sanidade pública, protección-atención de menores, Rede Infantil “Galiña Azul”, conciliación, Mañás de Lecer, protección-asistencia á muller, C.I.M., terceira idade, dependencia, servizos sociais, axudas de emerxencia, actividades, coloquios, charlas ou simposiums dirixidas á menores, muller e terceira idade.

Número de membros: 6.

Periodicidade: Mensual (martes anterior ao Pleno ordinario).

## **3.- COMISIÓN DE CULTURA E EMPREGO.**

A) Atribucións ou materias:

Festexos, organización de actividades culturais, colaboración con entidades culturais, biblioteca, exposicións, axencia de lectura, obradoiros de emprego e contratación de persoal.

Número de membros 6

Periodicidade: Mensual (martes anterior ao Pleno ordinario).

## **4.- COMISIÓN DE URBANISMO, EQUIPAMENTOS, INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE.**

Atribucións ou materias:

Xestión urbanística (instrumentos de equidistribución, polígonos en solo urbán, etc), disciplina urbanística, ordes de execución, expedientes contradictorios de ruina, licenzas urbanísticas, licenzas de primeira ocupación, autorizacións de ocupación do dominio público (excepto terrazas), plans-programas de inversións locais e obras municipais, expropiacións, prevención de incendios, limpeza de fincas, puntos limpos e vertedoiros.

Número de membros 6

Periodicidade: Mensual (martes anterior ao Pleno ordinario).

## **5.- COMISIÓN DE OBRAS, SERVIZOS MUNICIPAIS E SEGURIDADE.**

Atribucións ou materias

Seguridade (Policía local, Protección civil), obras ordinarias, repetitivas e de escasa entidade, recollida e eliminación de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e de espazos municipais ou públicos, mantemento de espazos, instalacións ou equipamentos municipais ou públicos, de





vías públicas, do alumeadado público, da rede de sumidoiros e augas residuais en baixa, dos cauces e lavadoiros públicos e do abastecemento, coidado e mantemento de zonas verdes, parques infantís, xardíns, etc.

Número de membros 6

Periodicidade: Mensual (martes anterior ao Pleno ordinario).

#### **6.- COMISIÓN DE TURISMO, PATRIMONIO, EMPRENDEMENTO E MOBILIDADE.**

Atribucións ou materias:

Turismo e recursos turísticos, patrimonio, inventario, calificacións, desafectacións, adquisicións, enaxenacións, disfrute e aproveitamento de bens municipais ou de xestión municipal, mercados, mercadillos, comercio, hostalería, industria, terrazas e mobilidade.

Número de membros 6

Periodicidade: Mensual (martes anterior ao Pleno ordinario).

#### **7.- COMISIÓN DE DEPORTE, EDUCACION, TICS E MOCIDADE .**

Atribucións ou materias:

Competicións, organización de actividades deportivas, colaboración con entidades deportivas, educación, organización, promoción e divulgación de políticas de educación, colaboración cós Centros de Ensino ou con actividades escolares e extraescolares, Aula Cemit, información xuvenil, Casa da Xuventude e Local de Ensaio.

B) Número de membros

Periodicidade: Mensual (martes anterior ao Pleno ordinario).

#### **8.- COMISIÓN DE PLANS E PERSOAL.**

Atribucións ou materias:

Seguimento, adaptación e desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal e outros instrumentos de ordenación e xestión do persoal municipal.

Número de membros 6

Periodicidade: Mensual (martes anterior ao Pleno ordinario).

Ares, a 20 de xuño de 2019.

O Alcalde

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que o punto 9 sería a proposta de creación e composición das comisións informativas, en consecuencia aquí o que facemos é que somos 8 concelleiros no goberno e hai 8 áreas de goberno para que cada un dos concelleiros do goberno teña a súa área de xestión, as comisións serían;



- Comisión de Facenda e Contas.
- Comisión de Benestar Social e Igualdade.
- Comisión de Cultura e Emprego.
- Comisión de Urbanismo, Equipamentos, Infraestruturas e Medio Ambiente.
- Comisión de Obras, Servizos Municipais e Seguridade.
- Comisión de Turismo, Patrimonio, Empredemento e Mobilidade.
- Comisión de Deporte, Educación, TICS e Mocidade.
- Comisión de Plans e Persoal.

Na corporación somos 13 a metade son 6,5, consideramos que as comisións teñen que ter a metade dos plenos, si nos plenos somos 13 pois meter seis a metade do pleno senón imos a facer das comisións plenos. Propoñemos 6 membros da corporación e cada unha das comisións en consecuencia serían 48 membros nas comisións e no seguinte punto pois propoñemos o reparto delas, incrementamos un pouco a participación de xeito que todos os grupos teñan unha representación ecuánime e razoable en todas as comisións, en consecuencia a proporción matemática exacta hai que facela sempre de máis de maneira que todos os grupos teñan esa representación non só en proporción incluso por comodidade organizativa de xeito que o BNG teña un representante nas 8 comisións o PP que teña unha representación de todos os membros co mesmo número de asistencia a esas comisións e o PSdeG-PSOE pois o mesmo. Isto segue sendo unha proposta, abrimos unha quenda de intervencións.


O Sr. Alcalde abre a primeira queda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do NAL.

Intervén o Sr. Luis Cendán Fernández sinalando que acabamos de ter unha reunión na xunta de voceiros onde facíamos unha proposta de delegacións e a proposta do BNG facía fincapé en reducir as comisións informativas en base a iso, fíxose un estudo das comisións que non era mal idea que eu vou a propoñer aquí e evitamos o porcentaxe de todo isto, porque no meu caso concreto como ben dixeches na comisión eu a ser un grupo só teño dereito a participar nas oito comisións e do que se trata e facer isto máis funcional, reducir as comisións sería unha boa idea para todos e xa vexo como se pode comprobar que por parte dalgúns non hai intención disto entón eu, en base a que están as posturas encapuchándose se queren entrar nun debate entramos, a min danme igual eu non lle teño medo ao debate polas gratificacións e indemnizacións e que fagan a demagogia que queiran pero eu o teño clarísimo, eu creo que para todos sería bo reducir o número de comisións e subir as asignacións eu traio aquí unha proposta a vimos na comisión, o Alcalde puxo outra por parte do BNG dixo que tiñan un estudo que estaba sen completar, non achegou datos pero aquí non hai que achegar moitos datos, porque os datos xa sabemos todos cales son, aquí cobrase por asistencia a órganos colexiados son comisións informativas, plenos e xuntas de voceiros entón, agora se leva o tema global do gasto por suposto no meu caso concreto se eu non renuncio a participar nas oito comisións eu saio beneficiado paréceme inxusto, e por parte do PSdG-PSOE igual por que ten tres membros en comisións porque teñen tres dedicacións co cal o gasto aumentaría, eu non lle vexo sentido o posicionamento por parte do BNG eu creo que quere rizar o rizo, facer política con todo isto eu creo que este debate deberíamos de remátalo hoxe, aprobar a proposta eu xa dixen eu son da idea de aprobala hoxe e zanzalo aquí política van facer con isto igual poñamos a asignación que poñamos, o gasto é practicamente o mesmo, se barallaba unha cantidade de 500€ un concelleiro da oposición que venía cobrando brutos, había dúas opcións unha brutos e outra líquidos e eu creo que máis ala de todo isto é aplicar o número de



comisións e o gasto sae o que sae, eu creo que non da para máis o debate eu négome a estar toreando o tema porque vexo que non hai intencionalidade co cal este debate o falamos dous ou tres veces, na lexislatura pasada xa se falou disto dous ou tres veces, no ano 2002-2003 volveuse a falar do tema non houbo consenso porque se volvía a aumentar e senón era o mesmo era unha cousa parecida. Eu xa digo que catro comisións sería o ideal, cada concelleiro iría a dous comisións e se zanzaba o tema e sae unha cousa pola outra, porque si eu vou a oito e os membros do PSdeG-PSOE van as oito haber onde se reduce o gasto, pola miña parte xa digo vexo un debate estéril, eu se non se aproba a proposta do PSdG-PSOE ou a que eu presento que son practicamente iguais, eu non vou a renunciar as oito comisións xa por capricho porque non lle vexo sentido a este debate, aínda encima de que non queren achegar e o va a utilizar eu aos meus dereitos non vou a renunciar Sr. Alcalde e xa digo vexo un debate estéril é o momento ademais sabe que o PSdG-PSOE ten maioría absoluta que o Sr. Alcalde vai a cobrar o mesmo os do PSdeG-PSOE van a cobrar mais por exemplo están a cobrar cento e pico líquidas cos descontos e nada non lle vexo sentido e por outro lado, se queremos que a xente participe en política e que veña a achegar dos seus recursos familiares para dedicarse ao concello, creo que o concello hoxe en día non ten a necesidade de que lle regale cen euros máis dos recursos que lle correspondan.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando, eu non vexo o debate por terminado na xunta de voceiros non chegamos a ningún acordo pero tampouco quedou cerrado o debate, eu creo que aínda estamos empezando non fai nin un mes das eleccións municipais, eu creo que efectivamente darnos tempo pois tampouco ven mal e dicir, isto é practicamente algo que arrastramos dende o 2003 si ben é certo que o arrastramos dende diferentes posicións. O grupo socialista no 2003 estaba na oposición co que tivo exactamente a mesma posición que teñen agora os concelleiros da oposición e dende o 2007 pois efectivamente ten oposición do goberno, é algo que aprobouse no 2003 cando nós estábamos na oposición, e algo que non se modificou máis que a baixa, cando veu a crise, non houbo nese sentido incrementos senón todo o contrario, son as regras da retribución polas que estamos gobernando ou rexindo vai para catro lexislaturas. Na anterior fomos incapaces de chegar a un acordo porque creo que é un tema que debería ter a unanimidade porque se presta a unha demagogia que vende, “o primeiro que fixeron ao chegar foi subir o soldo” pois non, non queremos subir o soldo de feito ca proposta do goberno segue igual o que facemos e subir a retribución dos concelleiros da oposición, que incremento conleva isto, nós entendemos que ningún, porque fai oito anos tiñamos dous liberados, tiñamos dous de libre designación e ca reforma da lei de sustentabilidade baixou a un, entón sería practicamente dedicar o soldo de esa persoa de libre designación para subir a retribución da oposición nos incluso a baixaríamos, que si é certo que nese contexto de oito comisións pasaríamos a catro, na que o PSdeG-PSOE tendo dereito a catro representantes é case a metade das comisións, aceptaríamos estar solo en dous e dicir, nós aceptaríamos iso o que sería efectivamente un aumento das retribucións dos concelleiros da oposición pero pensando en nós como a metade e dicir, o que pasamos nós a cobrar de máis por exemplo no pleno quitarlle as comisións, está pensado non para subirnos nós pero si está pensado para que os concelleiros da oposición se leven algo digno a súa casa e non lles custe cartos a política, esta claro que da política ninguén se pode enriquecer pero tampouco empobrecer entón, barallabamos que os concelleiros da oposición tiveran unha indemnización como mínimo de 1/3 do que levan os concelleiros do goberno e os portavoces entre o 40% e o 50% do que se levan efectivamente os concelleiros do goberno, iso supón aumentar o pleno e baixarnos as comisións, baixar o número de comisións e a nosa



participación e subir tamén as comisións informativas iso implicaría, que os portavoces puideran levarse entorno os 550€ que despois do machetazo do vinte e pico por cento de facenda queden catrocentos e pico e que os concelleiros da oposición e os portavoces pois puideran levarse 450€ que despois do machetazo de facenda quedaría en dous centos e pico, si iso e ganar cartos e entrariamos nunha dinámica de retribucións un pouco dignas, ninguén se ten que enriquecer pero empobrecer tampouco. Aquí nos desprazamos, temos que saír dos nosos traballos en algún casos que o desprazamento non é saír de aquí de casa, moitos traballamos fora de Ares. Eu non dou o debate por esgotado nin por terminado, entón eu te pediría Luis iso imos esperar un pouco.

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández dicindo que agora van a aprobar as comisións, isto non ten sentido.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que da igual, nós as imos a aprobar tal e como están configuradas, as comisións son oito e a participación é o PSdG-PSOE ten 26 o PP ten 11 pero lle damos 12 o BNG ten 7 pero como hai 8 comisións lle damos 8 para que están en todas, e a ti te damos 4 pero tes dereito a estar en 8 iso xa o sabemos.

Intervén o Sr. Luis Cendán Fernández dicindo que reclama os seus dereitos, é unha tontería non ten ningún sentido.

Reponde o Sr. Alcalde dicindo que é o que hai de momento, imos a deixar tempo para intentalo isto se arranxa co acordo de todos.

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández que si que iso xa o explicaches pero temos experiencia nisto.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que nós tamén que non temos un funcionamento organizativo nin parecido porque eles son asamblearios, nós este debate que se estaba mantendo en xunta de voceiros estábamos esperando a que concluíra para ir a nosa agrupación a explicalo e aínda non fomos a nosa agrupación a explicalo porque nós esperábamos a que isto estivera terminado, por iso digo nós non podemos aprobalo hoxe no pleno porque entre outras cousas non fomos a nosa agrupación a explicar nada porque pensamos que este debate aínda non se había terminado entón, tampouco queremos anticipar nós unha votación porque temos unha agrupación política que tamén temos reunirnos cos militantes nun tema tan crucial como son as nosas retribucións hai que deixalos que opinen tamén simplemente por unha deferencia de a quen o expuxo aquí nos votaron os cidadáns pero a nós apoiounos un partido, entón non demos o debate por cerrado o que se aprobou no 2003 aprobouse cos votos do PSdG-PSOE e BNG en contra e cando eu cheguei ao goberno no 2007 asumino a pesar de que votamos en contra no seu día o asumimos porque non houbo unanimidade para cambialo e nós eramos 5 de 13 non tiñamos maioría para cambialo, agora ten razón Luis, agora temos maioría para cambialo pero non o queremos facer así, queremos a unanimidade de todos, o dixemos na pasada lexislatura, queremos que se aprobe por unanimidade entón estamos empezando, imos a intentar sacalo adiante con unanimidade que logo non se consegue unanimidade pois teremos que aplicar maiorías o non deixalo así como está, non o sei, pero si é certo que deberíamos cambiar isto e a proposta do grupo de goberno é baixar nós en comisións o que nos aumentan nos plenos non imos a aproveitarnos nós diso cóbrano a nosa representación nas oito comisións non, nós ímonos a baixar no pleno para quedar máis ou menos e ten razón



Luis estamos falando de diferenzas de 100€, diferenzas que non xustifican absolutamente nada por iso digo, imos a dar unha oportunidade e de momento imos a deixar as cousas así.

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández dicindo que fixose moita demagogia con este tema uns máis que outro, e non ten sentido todo isto sobre todo o máis afectado o máis prexudicado porque os do goberno xa imos a cobrar, ademais agora o temos máis fácil, pola parte que me toca si eu vou as oito comisións e os dous delegados do PSdeG-PSOE contigo van as oito haber onde está o aforro e que o diga o BNG que é o prexudicado realmente desta situación.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo, nós pola representación agora temos maioría absoluta só pola representación do 43€ que temos pasamos a cobrar 400€ por comisión, pero é froito do aumento da representación non é que nós subamos o soldo, e que en cada comisión nos toca máis e iso é o que Alma e Luís están dicindo que estamos dispostos a baixar a non cobrar e poñelo nos plenos para que o cobren todos e nós quedar igual, o que se nos suba nos plenos baixar nas comisións o que se busca é a retribución ao concelleiro da oposición que se leve entre 1/3 e a metade dun concelleiro do goberno, neste caso un concelleiro do goberno estamos falando dun 33% e dos portavoces entre un 41% e 45% entón, este é o debate que está aberto e que hoxe non fomos capaces de cerrar, esperemos haber si o cerramos.

O Sr. Alcalde pídelle por favor ao Sr. Luís Cendán Fernández tempo.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Emilio Mesías Farías sinalando que está un pouco despistado, que estamos no punto 9.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que están no 8 porque condiciona o 9.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que perdoen que estamos no 9 que condiciona o 10, porque no 10 é a proposta de modificación de bases e claro iso vai en condición de si vai en 8 comisións ou 4 pero nós deixamos as 8 ata que teñamos un acordo.

Continúa o Sr. Emilio Mesías Farías sinalando que xa que estamos no punto 9, vamos falar do punto 9 que é “proposta creación e composición informativas permanentes e de contas”, nós fixemos unha proposta ao respecto deste tema porque estamos nun pleno de organización, como organizamos as comisións informativas, que sentido teñen as comisións informativas, informar, logo non están vinculadas co número de persoas que ocupan o grupo de goberno a hora de crear unhas comisións informativas iso é falso, ao respecto das comisións informativas di que só é de obrigado cumprimento a de contas do resto non di nada e como nós xa padecemos a inxusta aplicación da porcentaxe hai catro anos e sabedes que foi inxusta e ilegal pois nos dicimos que se pode ir ao cumprimento do regulamento con catro comisións, porque estamos falando diso, non estamos falando de canto se vai cobrar por comisión que ese é outro tema que está vinculado ao resto de órganos de goberno, estamos falando das comisións informativas e da creación que poden ter a hora da dinámica do día a día do concello ou sexa, o concelleiro da oposición que é o que non ten a información como se pode enterar a través das comisións informativas, son necesarias oito comisións informativas, non, pero si hai catro anos se convocaban comisións informativas sen temas e a resposta era, por si vos tiñades que dicir algo porque, porque está vinculado a unha indemnización entón,



organización, proposta de creación e composición e comisións informativas, catro chegan e si hai oito concelleiros delegados non pasa nada, porque o que tampouco entendemos é que o ano pasado había comisión de servizos sociais e a delegada de servizos sociais non ía que esa é outra cousa que nos queremos propoñer, como igual poden ir técnicos que non forman parte de esa comisión, nós imos a pedir que nas distintas comisións informativa vaia o delegado da área independentemente de que teña dedicación exclusiva ou non, porque aquí o problema é que aqueles que teñen dedicación exclusiva non van as comisións e nalgúns casos non van a súa comisión entón, nós imos a propoñer que, independentemente do reparto que haxa a maiores vaia como técnico que non cobrara, porque xa ten a súa dedicación pero nós queremos a información directa do concelleiro /a encargado/a da área.

Con a proposta que trae o goberno agora, non son 48, son 50 concelleiros e ca proposta que trae Luís que tamén me parece moi ben porque é o cumprimento da normativa, nos imos a 54 concelleiros, nós non lle imos a dicir a Luís que non pode estar nas oito, porque nos tamén podemos estar nas oito, nós non imos a votar en contra de que estes nas oito si vos pertence entón, non se pode vincular o tema das indemnización ao tema das creacións, porque ese é outro tema a non ser que non falemos da creacións composición das comisións informativas como que era aquel organismo que é onde se vai a dar información e simplemente é a xustificación para dicir que cobramos e o que me parece moi mal Sr. Luís Cendán é porque agora estás emperrado en cambiar a circunstancia, pero si isto o aprobaches ti, isto tal cal está agora que como dicía antes o Sr. Alcalde votou en contra o BNG e o PSdeG-PSOE no 2003 o aprobou o PP entón, eu ao que me comprometí é a levar unha proposta coherente, pero non vou a dicir que a miña proposta é a que se ten que aprobar e cando menos, tampouco vou a dicir, que a miña proposta é a que tedes que tomar en conta e con ela tedes que negociar, e senón estamos de acordo, non pasa nada que tedes a maioría absoluta, pero eu non vou a ir en contra do meu criterio e xa esta, pero non vai pasar nada que xa estivemos catro anos cunha representación que non ía respecto da lei e sabíamos que non podíamos dicir nada porque hoxe na oposición non temos dereito a nada entón, nós o que propoñemos é catro comisións informativas para que se respecte a porcentaxe de representabilidade no pleno pero con autoregulamento e ademais nas comisións informativas esteo presentes os concelleiros/as da área e isto si ven vinculado coa indemnización porque, como ben dicía o Sr. Alcalde estamos en negociacións que poden dar o seu froito ou non, pero non se enfade vostede senón chegamos a un acordo que no pasa nada, nós imos a aceptar o acordo aínda que se aprobe con maioría.

Remata o voceiro do BNG a súa intervención dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que, cando gobernastes no ano 1987 tivestes tantas concellerías.

Responde o Sr. Emilio Mesías Farías dicindo que foi no século pasado.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que aquí sempre houbo tantas comisións como representantes no grupo de goberno, agora somos oito e teñen que ser catro, e despois que nos digas que ten que ir, nós nos organizamos como nos da la gana Emilio, igual que ti decides ou decidides vos que concelleiros van as comisións, nós facemos o mesmo uso, decidir que vai porque como todas as comisións as preside o Alcalde que vou a todas, informo eu porque as competencias do concelleiro son delegadas miñas, entón si o Alcalde no vai a comisión e o concelleiro



delegado tampouco e que vai sabe informar eu o entendería, pero é que o Alcalde esta presidindo todas as comisións, ao Alcalde se lle dirixen as preguntas o Alcalde contesta todo entón, porque ten que estar o concelleiro delegado porque o dis ti, entón eu digo que nas túas comisións ten que estar Cristina e dicir, non está o Alcalde presidindo, por iso nos podemos permitir facer algo que tivemos que facer cando eramos cinco e tiñamos a representación que tiñamos agora que somos sete, temos tanta representación nas comisións como para cobralas os que non teñen dedicación exclusiva e aínda encima ir o titular porque agora temos vinteseis entón efectivamente, este e froito do aumento da representación, pero claro cando tiñamos cinco estábamos jorobados porque cando tiñas cinco a situación era efectivamente delicada entón, cal é a nosa premisa básica que un concelleiro que ten unha dedicación exclusiva sabendo que só pode haber tres o resto, máis ou menos aínda que non chegue terá que ter unha retribución digna e iso se consegue modificando o que temos agora, por iso tes razón o debate non está cerrado o que temos agora efectivamente cando ao goberno lle vai ben pois está moi ben, este sistema para o que ten maioría absoluta pero para o resto ese é o tema, por iso propoñemos diminuír as comisións, eu estou de acordo en que as comisións baixen a catro pero si chegamos ao acordo do que estamos falando, que baixen a catro por baixar, pois non nos parece razoable.

Remata o Sr. Alcalde a súa intervención, dálle a palabra ao voceiro do PP,

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que no tema do reparto das comisións a competencia e o poder é do Sr. Alcalde e o Sr. Alcalde reparte, si o Sr. Alcalde ten sete concelleiros o normal e que o reparta entre os sete concelleiros e que o faga en igualdade creo que iso é o normal pero si hai acordo e o que se falou de reducir as comisións informativas porque isto conleva a cobrar as comisións hai dúas opcións, que un concelleiro que non teña dedicación exclusiva que é un pleno e as comisións informativas entón o tema vinculado ao tema económico temos que deixalo claro, en canto pensamos que se ten que levar un concelleiro aquí no concello hai que vestir o santo, si chegamos a un acordo e dicimos en canto valoramos que ten que levar un concelleiro pois xa esta, o resto é fácil a min me valen a dúas propostas. Antes falabas do ano 2003, eu sempre tiven claro que o concelleiro e o Alcalde teñen que cobrar, aquí hai uns gastos e quero recordarlle ao voceiro do BNG que o que máis me incidía en cobrar, e nas asignacións dos grupos era un concelleiro do BNG porque, porque o sabemos todos, hai uns gastos de sede de todo de de onde saíu pois saía de aí, un concelleiro por vir aquí non pode poñer cartos do seu bolsillo como se facía antigamente e facer calquera iniciativa había que poñer cartos, non están os temas para isto, por nós si hai acordo non hai ningún problema e si non hai acordo por un grupo tiramos para adiante porque creemos y valoramos no que é ser concelleiro para casa, nós estamos de acordo nas propostas, a dúas son parecidas nos da igual e sabemos que o goberno vai cobrar sempre, incrementa as comisións de goberno, as comisións informativas e punto e eu creo que esa non é a solución, máis xestión e máis facilidade, catro comisións para todos eu creo que iso é o que debe ser hai que asumir dous conceptos a comisión e o pleno e creo que non hai que asustarse de nada porque un concelleiro se leve 400€ creo que iso non escandaliza a ninguén nos tempos que estamos, non estamos falando de miles nin de centos miles de euros, estamos falando dunha cantidade irrisoria que saes de aquí pagas unha roda e aí vai parte dos cartos do pleno. Vou a pedirlle a Emilio que por favor sexamos sensatos, aquí non hai ideoloxía, no tema da valoración da dignidade dun concelleiro aí non hai ideoloxía, aí temos que poñernos de acordo e despois vestir o santo como haxa que vestilo, pero creo que ese é o principio aí



non hai ideoloxías nin nada, a valoración da dignidade do concelleiro nun concello normalíño non estamos a falar nin de Coruña, nin de Ferrol nin de ningún lado que se leven 400€ para casa non significa nada porque hoxe en día unha chamada de teléfono sempre tes que vir ao concello practicamente un concelleiro ten que vira o concello todos os días, chama un por teléfono pasa isto podes preguntar, é unha xestión que hai que facer diariamente e hai que valoralo tamén que estás perdendo tempo e cartos, estás en Ferrol o noutro lado tes que vir, cerra o concello as dous e tes que estar antes de que cerre, creo que temos que valorar o traballo dun concelleiro, nós non imos a facer ningunha demagogia eu cando era Alcalde sabía que iso non podía ser e creo que ninguén ten que vir a perder cartos como lle dixen a un concelleiro do BNG, antes había que poñer cartos e agora hai unha asignación para os grupos políticos e esa é a realidade e non queiramos facer disto demagogia porque non, é así hoxe estamos nós e mañá outros pero é a realidade e ao mellor eu non o necesito e ti tampouco pero outra xente o necesita entón non lle imos a privar de que veña aquí, o que temos que ser é serios con estes temas, por nós nada se nos chaman estamos de acordo e chegar a un acordo que non imos a utilizar a demagogia nin a discutir pero creo que a un concelleiro hai que pagarlle.

Remata o voceiro do PP a súa intervención dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que nestes momentos temos as retribucións máis baixas de toda a comarca, Neda pleno 130€ nós 65,23€, Mugardos 120€ nós 65,23€, Fene 400€ nós 65,23€, Pontedeume 90€ nós 65,23€, estamos falando de algo que non debería ter ningún problema, pero en calquera caso o debate está aberto e unha vez que fixamos posicións eu quería votar o que xa hai, xa que non hai acordo pois seguimos coa situación actual ata que haxa acordo eu tamén entendo que non hai que modificalo senón hai unanimidade, si ninguén por da súa parte porque nós temos que baixar a catro, vostedes que poñedes da vosa parte, nós ofrecemos baixar a catro no consenso do contexto da representación das retribucións, que non hai unanimidade nese ámbito, pois seguimos co que estamos e que cada un que asuma a súa responsabilidade entón como o debate sigue estando aberto, pido votación.

O Sr. Luís Cendán Fernández pide a palabra.

Intervén o Sr. Luís Cendán Fernández respondendo ao voceiro do BNG, por alusións a que eu aprobei a proposta no 2003 pois efectivamente, a proposta aprobouse cun goberno con maioría absoluta e esta proposta foi estudada senón era igual que a que traio eu aquí é moi parecida e precisamente baseada en que os concelleiros da oposición porque eu viña de estar na oposición e sabía o que era vir a poñer cartos. Chegamos a unha reunión de voceiros que me parece que foi a única que se celebrou e cando levei a proposta ían as dedicacións exclusivas coas asignacións por asistencia a comisións, pois o voceiro de BNG de aquela estaba liberada da Deputación e cobraba dez millóns de pesetas na Deputación da Coruña e rompeu a baralla porque veu a dedicación exclusiva do Alcalde de 41000€ en base a iso por romper o consenso puxéronse as cantidades asignadas a comisións informativas nesa cantidade, eu che digo e senón o podo demostrar que a proposta era moi similar a esta, esa foi a realidade, e xa sen remontarnos ao ano 2003 nestes anos anteriores lle parecía mal cando eu lle decía cal era o seu argumento, que era condicionar este tema que si a mesa de transparencias, que si as asistencias a comisións, que si as dedicacións parciais e o Alcalde me designa a min para levar eu este tema eu convoqueinos dous ou tres veces e dixen que había orden do Alcalde e que non se prexuzgaba nin había límite as dedicacións parciais nin





as asistencias e que no portal de transparencia se estaba traballando e que nos comprometiamos a poñelo ao día e estamos esperando polo tanto, eu xa veño como podes comprobar e na última reunión nos chama o Alcalde a alcaldía e volvemos a torear a perdiz co cal, eu xa teño callo no cu falando mal e pronto e xa sei cal é o seu posicionamento entón, facer demagogia con este tema paréceme que non é o máis oportuno, queda solucionado o tema para sempre e eu creo que independentemente que hoxe esteamos aquí, maña igual non estamos, estamos facendo un fraco favor aos partidos políticos e a xente para que participe na vida pública porque hoxe en día calquera persoa que non sexa funcionario ou xubilado isto é imposible tolerar e aínda así dentro do funcionariado perdes e eu o digo por experiencia, perdes sempre senón é dunha forma é doutra e eu creo que queda bastante claro e que todos somos bastante intelixentes para discernir todos estes temas polo tanto non creo que teña que dar máis para debate e senón hai vontade de acordo é outro tema, pero eu sigo facendo fincapé de que a isto hai que darlle solución máis tarde ou máis temprano.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Emilio Mesías Farías sinalando que o BNG aposta porque os grupos teñan unha asignación que permita facer o seu traballo político e tamén que a política este dignamente remunerada iso inclúe os concelleiros do grupo de goberno e os concelleiros da oposición, que non son nin peores nin mellores, que por circunstancias o goberno ten que gobernar e o concello que fiscalizar. A min o que me sorprende, o que me molesta e perder o tempo e tamén me molesta que veña aquí o voceiro do PP a dicir que este hai que cambialo cando foi el quen o aprobou e Luis tamén.

Interrompe o Sr. Manuel Cendán Fernández dicindo que aquí ninguén falou de cambialo, aquí o que se fala e de subir os porcentaxes, aquí ninguén está dicindo que se quere cambiar non e certo iso.

Intervén novamente o Sr. Emilio Mesías Farías pedindo ao Sr. Alcalde si pode facer de Presidente deste pleno e que non se me interrompa.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, que se trata de estar un pouco relaxados senón.

Intervén o Sr. Emilio Mesías Farías sinalando que o mellor para estar relaxados e non interromper.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, pero que tampouco non pasa nada.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández pedindo desculpas.

Continúa o Sr. Emilio Mesías Farías manifestando que a cuestión é que vostedes terán que votar aquilo que é lexítimo condicionado ao que pense Luísa oposición, se ti consideras que unha cuestión é lexítima e que ten que ser así non teño que esperar a oposición a que me de o parabén.

Interrompe o Sr. Luis Cendán Fernández dicindo que sabe moi ben que eu son partidario de aprobalo, díxencho na reunión e aquí.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando ao Sr. Emilio Mesías Farías si rematou a intervención.



Responde o Sr. Emilio Mesías Farías dicindo que si, que rematou para zanzar o debate.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que non van a continuar o debate, simplemente Emilio é unha chamada a que por favor cheguemos a un acordo.

Responde o Sr. Emilio Mesías Farías dicindo que estamos no punto 9.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que si, pero termino este punto e o sometemos a votación dicindo que temos que aprobar isto porque algo ten que haber e deixamos unha porta aberta a modificalo. Eu creo que é inxusto sacar este tema continuamente para non chegar a ningún acordo, sacouse na anterior lexislatura e xa se saca agora nada máis empezar ou chegamos a un acordo ou que non se saque máis, logo non reprocharme que cobrades pouco.

Responde o Sr. Emilio Mesías Farías sinalando que el non dixo iso.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que xa, pero se non aprobamos este tema non o sacamos máis aquí pero logo non o reprochedes ao goberno, porque temos a vontade de cambialo, nós chegamos aquí para tomar unha decisión que beneficie a todos e pandar os que levantamos a man pois non, eu efectivamente non vou a pandar e menos agora que temos maioría absoluta porque dirán agora que ten maioría absoluta mira o que fixo non, o hai unanimidade ou queda igual pero tamén é certo que pido que senón hai unanimidade non me saquedes máis este tema, se cobra o que se cobra e punto porque non podemos estar abrindo un debate do q non queremos dar unha solución que ten que ser por parte de todos.

Pide a palabra o voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que como dixo onte, nós non vimos aquí a cambiar isto o que falamos e que isto ven dende o 2003, 16 anos despois e que hai que actualizar e dignificar a valía do concelleiro e nada máis, en canto valoramos isto, ese é o punto de partida e como dis ti Emilio fala claro, iso é o que pedimos nós e di aquí publicamente que non vas a chegar a ningún acordo neste tema e xa está e cada un sabemos a que temos que xogar pero creo que isto traelo é o momento de facer estas cosas, fanse cando se constitúe o goberno non no medio da lexislatura que non se vai a facer nada. Cando se aprobou houbo líos non, non pasou nada votastes en contra e non pasou nada ao final quen foron os beneficiados, pois os partidos político nin eu nin ningún concelleiro, haber si os grupos municipais dignificamos un pouco a vida política no Concello de Ares, esa é a situación.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que como efectivamente segue a porta aberta e imos a seguir falando disto, nós propoñemos e sometemos a votación a creación de oito comisións informativas con cincuenta membros para que todos teñan unha representación cómoda e en consecuencia sería o PSdeG-PSOE 26, PP 12, BNG 8 e o NAL 4 sabemos que logo ten dereito a estar en 8, que o esixa ten dereito a estar en 8, pero nós o que imos a aprobar é a proporción matemática, sabemos que logo presenta un escrito e temos que aceptalo pero imos a someter a votación a creación de comisións e a participación de esta proporción matemática de 26, 12, 8 e 4 e a porta aberta a cambialo cando efectivamente haxa consenso.

O Sr. Alcalde somete o punto a votación.



Sometida a votación a “Proposta creación e composición comisións informativas permanentes e de contas cunha participación de representación PSdeG-PSOE 26, PP 12, BNG 8 e NAL 4” o Pleno do Concello por 11 votos a favor (7 PSdeG-PSOE, 3 PP, 1 de NAL), e 2 en contra (2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

**Punto núm 10.- Proposta modificación Bases de Execución Orzamento.**

Dáse conta da Proposta Asignación Parcial, que a continuación se transcribe;

**PROPOSTA ASIGNACIÓN ADICACIÓN PARCIAL**

Que na sesión plenaria do día 4 de xaneiro de 2019 foi aprobado con carácter inicial o orzamento para o exercicio 2019 (BOP. Nº. 6, de 09-01-19), elevado a definitivo sendo publicado no BOP nº. 25 do 5 de febreiro de 2019.

Vista a Carta Europea da Autonomía Local, feita en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985 e ratificada por España o 20 de xaneiro de 1988 (BOE núm. 47, de 24 de febreiro de 1989). A Carta constituí un verdadeiro Convenio internacional, vixente en España desde o día 1 de marzo de 1989, e polo tanto o seu contido constituí un elemento interpretativo esencial daquel dereito, na medida en que incida no mesmo. Concretamente, o art. 7 da Carta declara o seguinte:

«7. Condiciones del ejercicio de responsabilidades en el ámbito local.-- 1. *El Estatuto de los representantes locales debe asegurar el libre ejercicio de su mandato.*

*Debe permitirse la compensación financiera adecuada a los gastos causados con motivo del ejercicio de su mandato, así como si llega el caso, la compensación financiera de los beneficios perdidos o una remuneración del trabajo desempeñado y la cobertura social correspondiente.*

*Las funciones y actividades incompatibles con el mandato del representante local no pueden ser fijadas más que por Ley o por principio jurídicos fundamentales.»*

Vistos os artigos 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a disposición adicional trixésima quinta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado prorrogados para 2019,

**PROPOÑO**

**PRIMEIRO.-** Modificar a base 20 das Bases de execución do vixente orzamento incluíndo unha adicación parcial nos termos da disposición adicional trixésima quinta da Lei 8/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado:

Adicación parcial ao 50%: 16.000,00 euros anuais pagadeiros en catorce mensualidades.

**SEGUNDO.-** Efectuar a correspondente modificación orzamentaira para habilitar o crédito para dita adicación parcial

O ALCALDE



Dáse conta do Informe de Secretaría dedata 18 de Xuño de 2018 “Adicacións exclusivas-parciais membros da corporación 2019”, do seguinte teor literal:

**BASES PARA A EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO DO CONCELLO DE ARES. CORRESPONDENTES Ó EXERCICIO DO 2019.**

**CAPITULO 1. NATUREZA DAS BASES E AMBITO DE APLICACIÓN.**

A aprobación, execución e liquidación do Presuposto Xeral, así como o desenrolo da xestión económica xeral e a fiscalización da mesma, levarase a cabo mediante o cumprimento das normas legais, regulamentarias e demais disposicións de carácter xeral, que regulan a actividade económica das Corporacións Locais, e palas presentes Bases de Execución do Presuposto, redactadas en virtude do disposto no artigo 164 do R.D.L 2/2004 de 5 de Marzo polo cal se aproba ó texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e artigo 9.1 do Real Decreto 500/1990 de 20 de Abril.

**BASE 1ª AMBITO DE APLICACIÓN.**

De conformidade co establecido no Artigo 9.1 do Real Decreto 500/1990 de 20 de Abril, estas Bases só estarán en vigor durante a vixencia do Presuposto Xeral correspondente ó exercicio de 2019 e, no seu caso, durante a prórroga do mesmo.

**CAPITULO 11.- DO PRESUPOSTO XERAL E AS SUAS MODIFICACIONES. BASE 2ª. ESTRUCTURA PRESUPUESTARIA.**

Para a confección do Presuposto aplicouse a estrutura funcional-económica aprobada pala Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo, pala que se modifica a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pala que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

En consecuencia, os créditos incluídos no Estado de Gastos do Presuposto preséntanse co seguinte detalle:

Os créditos incluídos no Estado de Gastos do orzamento do Concello clasifícanse cos seguintes criterios:

Por Programas, distinguíndose: Área de Gastos, Política de Gastos e Grupos de Programas, Programas y Subprogramas.

Económico, distinguíndose: Capítulo, Artigo, Concepto, Subconcepto e Partida. Non se establece clasificación Orgánica.

As previsións do Estado de Ingresos do orzamento Xeral do Concello se clasificarán separando as operacións correntes, as de capital e as financeiras, de acordo coa clasificación por: Capítulos, Artigos, Conceptos e Subconceptos.

Como máximo soamente poderáse pedir nun ano natural dous anticipos, e en todo caso non poderá concederse un novo mentras tanto en canto no esté cancelado o anterior.

No suposto de persoal laboral temporal ou eventual, deberáse acompañar á petición compromiso/autorización para cancelar a cantidade pendente anticipadamente con cargo ao último mes ou nómina pendente de cobrar; caso de extinción do contrato laboral.

A tal efecto autorízase unha habilitación orzamentaria para dita concepto.



Aplicada a RPT no exercicio 2018, a retribucións tanto do persoal laboral como funcionario experimentaran o incremento retributivo previsto na respectiva Lei de Orzamentos Xerais do estado ou norma habilitante.

Cumpre facer referencia á Resolución de 22 de Mar de 2018 (11 Acuerdo Gobierno-Sindicatos para la mejora del empleo público y las condiciones de trabajo), publicada no BOE do pasado 26 de marzo de 2018, no que o Gobierno, a través do Ministro de Hacienda y Función Pública, e as organizacións sindicais CCOO, UGT, e CSIF fixaron un incremento salarial fxio, máis unha porcentaxe adicional de incremento ligado ao crecemento da economía, calculado en función do crecemento do PIB real, que recolleran os proxectos de Leis de Orzamentos Xerais do Estado para 2018, 2019 e 2020.

As retribucións ligadas aos obxetivos de PIB, abonaáanse con efectos de 1 de xullo de cada exercizo.

### **Ano 2018**

O incremento en 2018 será dun 1,75 % (1,50 % fixo +0,25 % variable ligado ao cumprimento do obxectivo de crecemento do PIB, en 2017, establecido nun 3,1 %).

Prevéase asimismo que cada Administración poida destinar un 0,20% adicional da súa masa salarial en fondos adicionais.

### **Ano 2019**

O incremento fixo será dun 2,25 %

O incremento variable establececese:

Para un crecemento do PIB igoal ou superior ao 2,5 %, será dun 0,25 % adicional, o que supón un 2,50 % de incremento total.

Para un crecemento inferior ao crecemento do PIB do 2,5 %, o incremento disminuirá proporcionalmente en función da redución do crecemento que se haxa producido sobre dita 2,5 %.

De acordo co previsto no apartado relativo a Fondos adicionais, prevéase asimismo que cada Administración poida destinar un 0,25 % da súa masa salarial para fondos adicionais.

### **BASE 20ª. DIETAS E INDEMNIZACIÓNS.**

Os gastos de locomoción e indemnización-dietas dos membros da Corporación será o seguinte

- Comisión de servizos con dereito a indemnización de duración inferior a 24 horas, con independencia da hora de saída e regreso 47,50 Euros (Saída fara do termo municipal)
- Comisión de servizos con dereito a indemnización superior a 24 horas, con independencia da hora de saída e regreso: As sinaladas no R.O. 462/2002, ó 100% (Revisado por Orde de EHA/3771/2005, de 2 de decembro e Resolución de 2 de decembro de 2005).
- Indemnizacións por gastos de viaxe: As sinaladas no R.O. 462/2002. (Revisado por Orde de EHA/3771/2005, de 2 de decembro e Resolución de 2 de decembro de 2005).



Nos termos previstos no respectivo acordo substantivo aprobado na sesión plenaria do día 22 de xullo de 2003, á vista da nova redacción que a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e especialmente a Lei 11/1999, do 21 de abril, de modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e outras medidas para o desenrolo do Goberno Local, en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial en materia de augas, e a Lei 14/2000, de 29 de decembro, de Medidas Fiscais, administrativas e de orden social, dan á Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e o Real Decreto 2568/1986, do

28 de novembro, o seguinte réxime de asistencias, indemnizacións, recoñecemento de radicacións exclusivas e parciais queda do seguinte xeito:

**A) ASISTENCIAS:**

Os membros da Corporación excepto os que teñan recoñecida dedicación exclusiva ou parcial, percibirán as seguintes cantidades por asistencias a órganos colexiados, para o desempeño da súa función:

Por sesión do Pleno da Corporación: 67,12 Euros.

Por sesión da Comisión de Goberno: 206,57 Euros.

Por sesión de Comisión Informativa: 52,66 Euros.

Por sesión da Mesa de Contratación: 52,51 Euros (Prte. Ou substitulo).

Por sesión Xunta de Portavoces: 67,12 Euros.

**B) ADICACIÓNS EXCLUSIVAS:**

Para supostos de ausencia do Alcalde (caso de adicación exclusiva/parcial), o substituto percibirá 47,03 Euros día.

- Concellería-Delegación de "Muller, Infancia, Sanidade e Servizos Sociais e Emprego": 25.818,12 Euros pagadoiros en 14 mensualidades.
- Concellería-Delegación de "Urbanismo, Equipamentos, Infraestructuras e Medio Ambiente: 25.818,12 Euros pagadoiros en 14 mensualidades.
- Concellería-Delegación de Turismo, Industria, TIC'S e Xuventude: 25.812,12 euros pagadoiros en 14 mensualidades.

**C) ASIGNACIÓN OS GRUPOS MUNICIPAIS:**

- Asignarase ós Grupos Políticos Municipais unha dotación económica polo importe total de 20.654,50 Euros.

Dita asignación terá dous compoñentes: un compoñente fixo do 50% da asignación total a repartir entre tódolos grupos identicamente (10.327,25 Euros), e un compoñente variable (o restante 50%) a repartir en función do número de membros de cada grupo político (10.327,25 Euros).

Ditas cantidades non poderán destinarse ó pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ó servizo da Corporación ou á adquisición de bens que ponderan constituir activos fixos de carácter patrimonial.



Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación, que poñerán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o pida.

#### C) REVISIÓN DAS CONTÍAS:

As contías asignadas coma asistencias, indemnizacións e retribucións por dedicación exclusiva ou parcial, experimentaran anualmente o incremento que as leis xerais de presuposto do Estado establezan para o sistema retributivo dos funcionarios públicos nos termos expostos para caso dun PIB igual ou superior a 2,5 %.

#### **BASE 21.- SUBVENCIÓNS.**

Xustificación das actividades e pagamento das subvencións ou axudas.

1.- A xustificación das subvencións ou axudas que teñan por finalidade realizar actividades de calquera natureza que xeren gastos de persoal se xustificarán mediante facturas, nóminas ou recibos, e os gastos de material non inventariable, coas correspondentes facturas. En émbolos casos poderase presentar fotocopias debidamente compulsadas.

2.- As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza que xeren gastos correntes, xustificaranse mediante facturas orixinais de gasto ou fotocopias debidamente compulsadas.

3.- En todo caso, débese presentar unha certificación do representante da entidade subvencionada, de ter cumprida a finalidade da subvención ou axuda, mediante a realización das actividades para as que foi concedida.

4.- O prazo de xustificación rematará o día 31 de decembro de cada exercicio, podendo ser prorrogado ata un máximo de 45 días naturais por pedimento razoado do solicitante ou de oficio, acordado polo Concelleiro-Delegado responsable da área. As facturas posteriores de decembro, poderán ser aportadas como xustificante no exercicio seguinte.

5.- Para o pagamento da subvención ou axuda concedida, será requisito inescusable que os conceptos dos xustificantes de gastos se axusten á finalidade para a que foi concedida a mesma, debéndose achegar no seu caso relación detallada das subvencións ou axudas recibidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para a mesma finalidade ou, pala contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a mesma finalidade.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que neste punto temos a proposta de modificación das bases de execución do orzamento no que temos a vontade de crear unha dedicación parcial tal e como ben na proposta de modificación a base 20 das bases de execución do vixente orzamento incluíndo unha dedicación parcial nos termos da disposición adicional trixésima quinta da Lei 8/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado, dedicación parcial ao 50% 16000€/anuais pagadoiros en catorce mensualidades, efectuar a correspondente modificación orzamentaria para aumentar o crédito así como a asignación das dedicacións a adaptación as novas comisións que acabamos de quedar no punto 9 e en consecuencia as dedicacións que estaban creadas eran para tres concellerías do anterior mandato e agora queremos adaptar as dedicacións excesivas as novas responsabilidades do goberno en consecuencia, a primeira dedicación exclusiva estaría na Concellería de Benestar Social e Igualdade, a segunda dedicación exclusiva estaría na Concellería de Urbanismo,



Equipamentos, Infraestruturas e Medio Ambiente e a terceira dedicación pasaría a Concellería de Turismo, Patrimonio, Emprendemento e Mobilidade, e crearíamos unha dedicación parcial para a Concellería de Deporte, Educación, TIC's e Mocidade para os concelleiros responsables destas áreas de goberno, en consecuencia as tres dedicacións exclusivas xa creadas as adaptamos as novas comisións e a parcial a aplicamos a concelleira responsable da Comisión de Deportes, Educación, TIC's e Mocidade, esta é a proposta.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Emilio Mesías Farías manifestando que van a votar en contra desta proposta, consideramos que aumenta moito o gasto, houbo eleccións o mes pasado e a veciñanza de Ares dixo que o PSdG-PSOE tiña que gobernar con maioría absoluta, a maioría absoluta lle da para gobernar e para levar a cabo todo o seu programa electoral e máis entón, a circunstancia de querer meter a Sr. Luís Cendán dentro do goberno fai que se incremente de 7 a 8 e polo tanto que haxa que destinar máis cartos a xunta de goberno, e lícito vostedes tedes todo o dereito do mundo para metelo e nós tamén temos dereito a criticar esta historia que nos entendemos como un pago de favores está claro, unha persoa que durante 4 anos estivo con vostede, pero eu creo que a cidadanía de Ares non manifestou coa súa maioría absoluta doulle a gadaña para xestionar a vostede solo o concello, de feito lles están dicindo que non necesitan pactar con ninguén xa lle dimos a maioría absoluta, entón isto fai que se incremente o gasto pasando de 7 a 8 polo tanto, polo tanto nós non imos validar esta proposta paréceme moi grave que finalmente vai a cobrar máis a persoa que está no goberno sen ser do partido do goberno que esa persoa que vai ter esa dedicación parcial pero ben, é unha cuestión persoal que quería apuntar.

Remata o Sr. Emilio Mesías Farías dando as grazas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que el saiba o BNG non entra no goberno gratis, na Deputación o BNG ten concelleiros que son deputados provinciais con dedicacións exclusivas, ten xente con dedicacións parciais e tamén liberados de libre designación entón, cando o BNG ten responsabilidades de goberno asume dedicacións exclusivas, dedicacións parciais e asume persoal liberado por exemplo temos entre outros concellos que goberna loxicamente na propia Deputación Provincial de onde goberna o BNG se producen dedicacións exclusivas, parciais e postos de libre designación non sei porque aquí ten que ser diferente, sigo dicindo que nós temos as portas abertas para negociar todo pero ten que haber un consenso xa dixeran dendo o primeiro día que nós non estamos cerrados na participación do BNG no goberno, non estamos cerrados, si o BNG quere participar no goberno ten as portas abertas pero hai que chegar a acordos e eses acordos implican renuncias reciprocas o BNG terá que renunciar a cousas máxime que agora non son necesarios, agora non poden pedir ningunha condición pois eu creo que é o momento para negociar sen condicións porque non nos podedes poñer ningunha condición porque non é necesario pacto para gobernar si fora falta ben, porque para facer goberno moitas veces hai que tragar porque senon non hai goberno pero este non é o caso entón, o BNG ten as portas abertas pero temos que chegar a acordos e iso implica renuncias reciprocas, nós non nos negamos a ter conversas para efectivamente chegar a todos os acordos posibles, esa é a realidade e eso está enriba da mesa e non o digo por dicir, o digo coa tranquilidade que me da saber que non vos necesito porque si vos necesitara é a miña





impresión, estaría pasandoas canutas seguro que me lo ibais a hacer pasar mal, si os necesitara estoi convencido que o ía a pasar mal pero ben, ese é o xogo da democracia pero agora como non nos podemos estrujar recíprocamente podemos falar tranquilos, e si queredes participar no goberno falamos é mellor un goberno de dez, igual que Luis está no goberno porque é mellor oito e isa é a realidade, somos sete pero é mellor un goberno de oito e si queredes que sexa de dez falamos.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP,

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que en canto o punto 2 sobre as dedicacións exclusivas, nós somos partidarios de que o Alcalde tivera unha dedicación exclusiva, os concellos teñen moita responsabilidade e moito traballo e o Alcalde ten que estar exclusivamente aquí esa é a nosa idea e iso o imos a defender sempre. Con respecto a esta proposta de modificación de bases, isto vai en incremento das comisións e en incremento da proposta da dedicación parcial creo que non hai máis, non hai máis tema.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández dirixíndose ao voceiro do BNG, manifesta que no tema da deputación, eu estiven de deputado oito anos e cobraba por asistencia, estaba na comisión de goberno os primeiros catro anos gobernando e a min me doía que se utilizara a demagogia no meu concello un señor que estaba de voceiro no BNG que cobraba cincuenta e pico mil euros, e eu por catro pesos recorría toda a provincia sen coche oficial de aquí para ala e sen traballar, iso si que é inxusto, chegou a lexislatura do 2003-2007 e entrou a gobernar o PSdG-PSOE e sabes cal foi a proposta do goberno provincial do BNG, todos os deputados do goberno dedicación exclusiva por primeira vez na Deputación, todos os membros dos dous grupos de goberno todos dedicación exclusiva por iso vir aquí con estas historias cando se goberna dunha maneira e logo facemos doutra non debemos entrar aí porque iso o fixo na Deputación se asinou o pacto a un grupo minoritario como era o BNG se lle da dedicación exclusiva, se lle dan liberados se lle da todo, o temos que facer a menor escala aquí o que non podemos é andar con estas historias, o que goberna xa sabemos que ten maioría absoluta pero nos podemos propoñer moitas cousas, eu creo que o Alcalde aquí é o único problema deste punto que creemos que debería ter dedicación exclusiva, a responsabilidade do goberno e del e reparte o goberno como lle da a gana esa é a realidade e a oposición pois temos que facer oposición estaremos de acordo ou non, pero temos que facer oposición noutros temas máis importantes como pode ser a xestión que eso é o fundamental no concello ben, nós como non estamos de acordo en que o Alcalde non teña unha dedicación exclusiva ímonos a abster.

Remata o Sr. José Manuel Cendán Fernández a súa intervención dando as grazas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que non teño dedicación exclusiva porque teño o meu soldo da universidade e loxicamente co meu soldo da universidade non quero dedicación porque non vou a perder cartos entón, ou a miña dedicación é o meu soldo integro da universidade ou eu non veño aquí a facer o pavo e si me poño a dedicación do meu soldo integro da universidade paso a cobrar máis que o Alcalde de Ferrol e que o Alcalde da Coruña, un Alcalde dun pobo de 6000 habitantes non pode cobrar máis que o Alcalde dunha cidade entón eu non me podo poñer dedicación exclusiva, é imposible non podo cobrar como un Alcalde dunha gran cidade.

Interrompe o Sr. Luís Cendán Fernández dicindo que ademais hai unha limitación legal.



Continúa o Sr. Alcalde dicindo que é certo hai unha limitación legal, e dicir non teño un exercicio de xenerosidade non é que o Alcalde non o cobra porque o cobran os seus concelleiros non, non a poño porque non son pavo porque non me convén e iso é a razón non me convén nos termos políticos que hoxe están as dedicacións a min non me convén proba de que a política se poden dedicar os que non teñen nada ou os que teñen a vida resolta, porque os que non teñen nada válelles calquera cousa e os que teñen a vida resolta tamén entón o resto non se pode dedicar a política porque teñen que saír dos seus traballos, si están na empresa privada ao empresario lle enfasta porque ten que saír seguido e acabas despedido, vemos o problema do compañeiro de Son de Ares agora para incorporarse a súa empresa o están mareando non o queren e iso é inxusto e outros compañeiros que son funcionarios e como teñen a praza fixa pois entón poden vir, ou es funcionario, ou non tes nada que todo te vale ou es millonario e te da igual todo estes son os tres perfís ideais para a política é así porque ao resto lles costa cartos, é así por desgraza e non pode ser en consecuencia, modificamos a base creamos unha parcial e lle asignamos as dedicacións as novas concellerías. A anterior dedicación exclusiva de servizos sociais pasa a comisión de benestar, a de urbanismo pasa a comisión de urbanismo, equipamentos, infraestruturas e medio ambiente e a de Turismo pasa a turismo, emprendemento e mobilidade e a parcial pasa ao concelleiro responsable de deporte, educación, Tic's e mocidade e estes son os termos unha parcial ao 50%, unha exclusiva é de 25000€ pois a parcial un 50% un mínimo que teña un salario digno que estimamos en 16000€ sen prexuízo de que todo isto sigue aberto e as dedicacións parciais non teñen límite as exclusivas si.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Emilio Mesías Farías manifestando que cree que se explicou bastante ben, eu estaba facendo unha crítica ao respecto de que o PSdG-PSOE tendo unha maioría absoluta fichou a un concelleiro que tiña que estar na oposición, eu xa sei e ademais agradezo porque eu sei que o dixó de verdade ese ofrecemento de entrada no goberno e eu agradézolle porque sei que o dixó de verdade outra cousa é que nós estimamos que a nosa xente nos puxo na oposición non quere dicir que nós non podamos chegar a acordos, nós imos a facer as propostas que imos a facer sabendo que temos a minoría pero é a nosa práctica política entón a cuestión non era porque nós celemos de que unha persoa que non tiña que estar no goberno estea, si vostede entendeu iso pois nada diso. Vostede di que na Deputación cando negociou o PSdG-PSOE e o BNG a min isto de recurrir a outros organismos a verdade non me gusta porque a realidade é a que temos aquí e a que temos que traballar pero eu dubido que si o PSdG-PSOE tivera maioría absoluta que pretendese que entrase o BNG no goberno, non ten sentido eu creo que un goberno que teña a maioría absoluta ten a vontade popular coo para emprender un proxecto que vai referendar todo, non ten moito sentido agora igual abre vostede unha nova maneira de facer política coa que eu non estou de acordo con esa maneira entón que quero dicir, que eu non estou de acordo con que haxa que facer esta modificación polo feito de que haxa que fichar a unha persoa, vostede senón tivese a maioría absoluta e tivese que depender do BNG eu lle pediría senón quere ser agradecido non o sexa pero que tivese en conta que vostede foi Alcalde grazas ao BNG a cambio de nada, non como unha condición de pacto e a día de hoxe o faría e o tería que facer exactamente igual porque non sería doutra maneira, e o faríamos e non pasaría absolutamente nada era simplemente atender a unhas circunstancias e por iso o noso voto vai a ir en contra.

Remata o voceiro do BNG a súa intervención dando as grazas.




Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que cando necesitamos axuda a tivemos e que agora non a necesitamos pois é unha cuestión de hermética non é nada máis, nós con máis votos que agora tivemos un concelleiro menos é unha cuestión puramente hermética, nós agora temos maioría absoluta pero non son as eleccións na que máis votos sacamos, nós sacamos 1571 votos na segunda lexislatura e soamente sacamos 6 e agora con 1516 con 50 votos menos sacamos 7 non é o momento no que nos consideramos máis apoiados, nós consideramos que no momento no que fomos máis apoiados foi na segunda lexislatura pero non tivemos maioría e agora con menos votos si, en consecuencia e en atención a iso que é un pouco caprichoso porque depende duns datos numéricos uns votos arriba, uns votos abaixo que realmente en datos políticos non é xustificativo sería absurdo prescindir dun concelleiro que nos axudou cando o necesitamos e en consecuencia é unha cuestión pois en parte esperable, razoable e unha cuestión de lealtad.

Na primeira lexislatura, eu saín Alcalde grazas aos votos do BNG, nós eramos cinco e o BNG tiña dous e non houbo acordo de goberno porque non o houbo pero a culpa non foi do PSdG-PSOE foi dos dous, non houbo acordo, houbo unha persoa que decidiu investir sen pacto porque estaba esperando a saír liberado da deputación porque unha dedicación exclusiva en Ares era de 25000€ e a razón e esa para que vai a cerrar un acordo comigo quería esperar a que se cerrara o acordo ca deputación unha vez que cerrou o acordo ca deputación colocouse na deputación, e unha vez colocado na deputación para outra concelleira que estaba con el non lle importou, el colocouse na deputación e non quixo facer un acordo de goberno e quen quedou enfasiada foi a segunda concelleira do BNG porque el colocouse na deputación e a outra quedouse aquí na oposición gañando 150€ ao mes, en consecuencia esa é a lectura que polo menos nós facemos, que agradecín eses votos, evidentemente claro que os agradecín non os volvín a ter máis en eses catro anos quedáronse na oposición a matar, menos un acordo para sacar os orzamentos en catro anos un, xa nunca máis só oposición e oposición e unha oposición dura con ataques persoais, chamándome de todo, faltas de respecto tomo posesión e un militante do BNG fai uns xestos na toma de posesión que non proceden baixo ningún concepto pero é a realidade foi unha oposición con ataques persoais en descualificacións a miña persoa continuamente, en desprezos a miña persoa continuamente, en mentiras a miña persoa continuamente unha oposición durísima que excede o político para entrar no persoal porque algún destacado considerouse prexudicado co plan de urbanismo e a cañon esa é a realidade na que eu persoalmente quero cambiar e pido un entendemento, si queredes entrar no goberno falamos, non queredes entrar no goberno pois falamos do que queirades, pero para chegar a acordos hai que facer cesións, estades dispostos a ceder eu que gaño cunha oposición agora teño maioría absoluta pero durante as tres lexislaturas na segunda grazas a Luís que xa tiñamos seis e na última grazas a Luís e a Gustavo, e agora que temos sete imos a cambiar a realidade pois non, nos axudaron e oxalá nos axurades vosoutros e non dexenerara isto na relación que o PSdG-PSOE ten co BNG oxalá nunca chegamos a isto entón, podemos cambialo, pois oxalá.

En consecuencia a proposta é a que falamos e a reasignacións das dedicacións exclusivas xa aprobadas e a creación da parcial asignada a concelleira de deportes.

Sometida a votación a “Proposta modificación bases de execución orzamento” o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 PSdeG-PSOE, 1 de NAL), 3 abstencións (3 PP) e 2 en contra (2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.



E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e vinte minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

SECRETARIO

*Documento asinado electrónicamente polo Alcalde-Presidente*

*Documento asinado electrónicamente polo Secretario-Interventor*